

A oposición urxe medidas para o Centro de Saúde de Pontearreas

Páxina 5

David Regades repite como Delegado da Zona Franca

Páxina 17

Primeira xunta directiva de ASEOTUR Condado Paradanta

Páxina 19

Mercadiño Solidario en Covelo

Páxina 19

Lecer e lectura ao aire libre en Mondariz

Páxina 20

A Cañiza ingresa formalmente no Fondo Galego de Cooperación

Páxina 21

Salceda din "Non" a Altri

Páxina 22

A Xunta investirá 7,5M€ contra o lindano no Porriño

Páxina 23



ESPECIAL LETRAS GALEGAS 2024

Luísa Villalta. A lingua como poesía

Páxinas 7 a 17

O Corpus xa é Ben de Interese Cultural

Páxina 3



Siempre cerca de ti

HASTA **50%** DE DESCUENTO

pikolin Los Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

BOINSCON CENTER

euronics Concha Brey, 4 PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Casos e cousas que debemos ter en conta (III)

Continuando coa intención de animar aos lectores destes humildes editoriais a que se informen debidamente e que non se deixen levar polo que ven en letras grandes na maioría dos xornais, comezaremos nesta ocasión polo "retiro espiritual" de Pedro Sánchez. Retiro que puxo patas arriba a todo o "corpus politicum" deste País. A uns porque esperaban velo fora da Moncloa e xa quecían sillóns, outros porque se vían orfos do Xefe e descoñecían cal sería o seu futuro político e, nalgúns casos, tamén económico. Finalmente, como nos ensina Horacio "parturient montes nascetur ridiculus mus" (están parindo as montañas un ridículo rato) Así quedou a cousa. Nin portas abertas para uns nin descalabro para outros. Como di Julio Iglesias, "la vida sigue igual".

Pedro Sánchez presentou algo así como unha moción de confianza aos cidadáns e, vive Deus, que o conseguiu. Solicita que o liberemos dos bulos, das informacións tendenciosas sen base suficiente, dos lawfare que se están cebando con el e coa súa familia. Parece que a ousadía lle funcionou. A enquisa de Tezanos feita eses días danlle a Pedro Sánchez un subidón increíble. Aquí deberíamos lembrarlle a Pedro Sánchez que ese suposto calvario que el está sufrindo xa o sufriron, e máis cargado ao bombo, outros membros do seu goberno. Daquela o Sr. Presidente non se sentiu impelido a tomar medidas como pretende facer agora.

Nos últimos anos veño indicando que unha grande maioría dos medios de comunicación (agora habería que engadirle tamén as plataformas dixitais) son tóxicos. Máis dun me ten dito que esaxero; porén visto o visto nos últimos tempos, creo que nada máis lonxe da esaxeración.

Unha gran parte da información que nos ofrecen carece de todo rigor, de toda veracidade como di o art. 20 da Constitución. Traballan, como dirían os latinos "pro domo sua" (pra súa casa). Pero cal é esa casa dos xornais? Pois, nin máis nin menos que as grandes empresas, os grupos bancarios, os multimillonarios existentes que son un bo lote deles, etc... Todos os que rexeitan pagar impostos como os demais, os que nalgúns casos ata lles da a devolver. Diso falaremos máis adiante.

Os cidadáns son acosados polos medios en papel, que se lle presentan atractivos na barra dun bar ou que os teñen a man en cada móbil. Non teñen tempo nin queren saber se o que están lendo é certo ou é un bulo, unha montaxe contra alguén, un lawfare. Este termo tan de moda que xa é vello no seu funcionamento pero que só agora saír á luz: guerra sucia dende os tribunais perseguindo politicamente a alguén pretendendo a súa desacreditación, sen importar se o suposto feito denunciado é certo ou non. Logo de que o/a afectado/a sufra o xuízo do telexornal, logo de que se fagan eco do feito penal supostamente cometido, xa pouco importa o resultado. A desfatachez alcanza tales grados de ignominia que no caso da muller de Pedro Sánchez unha denuncia baseada en notas de prensa é utilizada por un suposto sindicato denunciante; declara que non saben se será certo ou non o motivo da denuncia, que terá que ser agora o propio xulgado quen investigue que hai de certo na denuncia por eles posta en marcha. Inaudito. ¡Impresionante!, que diría o extoreiro Jesulín de Ubrique.

O tema non sería preocupante se non fora que esta información tendenciosa enche, ateiga as mentes dos cidadáns do común, como diría o amigo Beiras. Xente

que non sabe ou non se sente estimulada para "saber máis" do que lle queren meter nos miolos; xente que non foi acostumada nin concenciada de que unha boa información custa cartos, non é de balde. Por esta razón as formacións políticas que están na oposición aquí, e noutros países do noso entorno, utilizan esta desinformación e animan dende as plataformas dixitais a "todos contra Sánchez"; iso en España porque noutro país será igual: todos contra...quen sexa o que estea aos mandos.

Pero o máis grave de todo isto está en que non é soamente o populacho quen asimila estas informacións tendenciosas senón que son utilizadas polos que están chamados a poñerse a fronte deste País en calquera momento. Comprobar como utilizan este material como se fora verdade contra os seus oponentes da algo de medo. Porque o "todo vale" non é nada agradable para un demócrata. Cando polos futuros gobernantes non se poñen límites e se aceptan como válidos todos estes informes sen contrastar temos que pensar no nivel de honradez e de decencia destes políticos. Cando para gañarse o Poder se bota man de calquera cousa por máis indecente que sexa, os cidadáns, os posibles votantes, temos que facérmolo ver.

Tal como anunciamos antes falemos agora de cartos, de impostos, de necesidades básicas.

Estes últimos días somos informados de que o 1% máis rico posúe a metade da riqueza financeira de Europa. Tamén nos informan que o seu estilo de vida está empeorando a crise climática porén, apenas pagan impostos. Por esta razón a UE está perdendo do preto de 300.000 millóns de euros/ano (uns 33 millóns cada hora) que ben poderían servir para pagar ao profes-

sorado, ao servizo médico, mellorar os trens e aumentar as residencias para atender a poboación dependente.

No libro que estou lendo "LOS RICOS NO PAGAN EL IRPF", de Carlos Cruzado e José M. Mollinedo, falan das declaracións-trampa utilizadas polos ricos para non pagar impostos. Dende as famosas SICAV ata as sociedades pantalla. Todo un entramado societario polo que os ricos apenas pagan impostos. Nalgúns casos, os máis refinados, ata lles da a devolver.

Cando somos informados destas cousas ao mesmo tempo que existen cidadáns que se molestan porque algúns falamos de como habería que gravar as grandes fortunas para que a riqueza xerada por todos, non precisamente só polos ricos, estivera mellor repartida chegamos á conclusión de sempre: unha falta de información inmensa; unha manipulación da realidade por aqueles axentes sociais que teñen a obriga, polo menos moral, de informar debidamente aos cidadáns. Claro que se soamente se dedican a facelo e non toman cartas no asunto corren o risco de que "eses informados cabreados" se lles volvan en contra.

Curiosamente en 1998 Aznar dixo que, cando el traballaba na Facenda como inspector, asegurou que co sistema fiscal daquela os ricos non pagaban impostos. Pedro Sánchez, pola súa parte, cando anunciou unha subida do IRPF para os tramos máis altos, declarou nunha entrevista en televisión ("El Objetivo" na Sexta, en setembro de 2018) que a xente rica non pagaba o IRPF porque tiñan as SICAV, o imposto de patrimonio, o imposto de sociedades e demais. Despois de todo isto, dinnos os autores antes citados, que a si-

Continúa en <https://xnea.eu/2KS>

FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Redactor Xefe: Roberto Mansilla Blanco.

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

O Corpus xa é Ben de Interese Cultural

O Consello da Xunta de Galicia declarou oficialmente este 23 de abril que a Festa do Corpus Christi de Ponteareas é Ben de Interese Cultural (BIC) de Patrimonio Inmaterial. Este recoñecemento vén tralos preceptivos informes favorables do Museo do Pobo Galego, da USC e do Consello da Cultura Galega sen presentarse alegacións.

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, confirmou persoalmente a declaración trala reunión do seu goberno. Complétase así un proceso que comezou en 1995, cando o Concello de Ponteareas formulou a primeira solicitude oficial para a súa inclusión no catálogo BIC galego. Ese expediente arquivouse posteriormente ao ca-



ducir o procedemento sen conseguir a súa proclamación.

O decreto que agora saíu adiante valora tanto a festividade como os rituais, cerimoniais e técnicas artesanais tradicionais asociadas vinculadas á cultura popular. A

documentación conclúe que o Corpus Christi constitúe un ritual festivo recoñecido polo seu uso social e cerimonial, cunha gran pegada de coñecementos populares sobre a natureza, os elementos naturais e os ciclos do campo.

BNG: "O BIC do Corpus chega 7 anos tarde"

O BNG amosou a súa satisfacción pola aprobación no Consello da Xunta do Decreto polo que se declara Ben de Interese Cultural (BIC) do Patrimonio Inmaterial o Corpus Christi de Ponteareas, solicitado polo goberno local do Bloque no 2017 e que suporá "un novo re-

coñecemento e unha nova ferramenta para a difusión e a posta en valor da maior obra de arte colectiva do noso pobo."

Así mesmo, lamentou o uso partidista que fai o PP das institucións e da festa do Corpus, sinalando que "a Xunta atrasou intencionadamente durante sete

anos a declaración". Tras seis anos de parálise, por fin a Xunta incoa o expediente no 2023 e agora declara o Corpus de Ponteareas Ben de Interese Cultural do Patrimonio Inmaterial, "concluindo en sete anos un trámite que tiña que resolverse en dous", sentencia o Bloque.

Axentes sociais participan na Estratexia 2030

O Concello reuniu aos diferentes axentes sociais de Ponteareas para levar a cabo o proceso participativo con motivo da elaboración da Estratexia Ponteareas 2030 no marco do cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e Inclusividade que marca a Axenda 2030 aprobados pola ONU en 2015.

Tras este acto procederase á análise das ideas e iniciativas populares que se terán en conta á hora de deseñar as liñas espe-



cíficas de actuación. A Estratexia Ponteareas 2030 supón un instrumento estratéxico a nivel medioambiental, económico e social

para o desenvolvemento na vila e no que o goberno leva traballando moitos meses logo do apoio unánime no pleno municipal.

Novo oficial da Policía Local



Tomou posesión do seu cargo o novo oficial da Policía Local de Ponteareas, que chega a praza por promoción interna e logo da formación na Academia Galega de Seguridade. Agora a Policía Local conta con 2 oficiais.

Esta cifra complementase cos actuais 15 axentes operativos

na súa totalidade, ademais dos 2 que se atopan no período de prácticas e que se incorporarán ao corpo nos próximos meses. Non obstante, o equipo será ampliado coa integración progresiva de máis efectivos mediante a oferta de emprego público ata ter un equipo de 2 oficiais e 21 axentes no próximo ano.

Axudas a clubs, aos deportistas individuais e aos do motor

O Concello recupera nas subvencións de promoción e apoio ao deporte da vila as axudas que teñen como obxectivo apoiar aos veciños e as veciñas que destacan en disciplinas deportivas de xeito individual. Ademais, por primeira vez inclúese ao sector do motor, relacionados cos karts, motociclismo, rally ou calquera outra disciplina deste eido. As bases, ás que tamén se

poden presentar os diferentes clubs da vila, xa están publicadas en réxime de concorrencia competitiva e xa se poden presentar as solicitudes.

As tres liñas de subvencións, clubs deportivos, deportistas individuais e o sector do motor, publícanse en concorrencia competitiva cun orzamento total de 200.000 euros, unha contía que supera o dobre da contía de anos anteriores.

Día da Nai para dinamizar o comercio local

O Concello inicia unha campaña que busca potenciar o dinamismo do comercio local no marco da celebración do Día da Nai. Para iso, puxo en marcha unha iniciativa na que os veciños e as veciñas deberán resolver un xogo

de pistas consistente en atopar tres figuras distribuídas en tres escaparates diferentes dos establecementos do municipio. Tamén se realizará un sorteo o día 9 de maio, dun menú degustación para dúas persoas no restaurante A Xanela.

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS
Teléf. 986 660 826

By *Barriguiñas*
Especialista en
Ceremonia infantil, arras,
comunión e bautizo

627053847
f María Garrido Carballido
Rúa Castañal 14, local 4. PONTEAREAS

CRISTALERIA
CONDADO, S.L.

Derivados do Vidro

Tel: 986 66 16 42
cristal@crystaleriacondado.com

AVDA. DE CASTELAO, 9
36860 PONTEAREAS
(Pontevedra)

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Instaladas zonas de aparcamento rápido para farmacias

O Concello, a través da Concellería de Tráfico e Seguridade, instalou zonas de aparcamento prioritario para a recollida de medicamentos nas farmacias da Rúa Redondela, Avenida de Galicia e Avenida de Castela, facilitando a accesibilidade naqueles puntos onde había maior problemática nesta materia.

A medida chega coa intención de axilizar a adquisición das medicinas, sobre todo naqueles casos que veñen derivados das urxencias. Permítese o estacionamento unicamente nun máximo de 5 minutos,



tempo considerado suficiente para o propósito. En ningún caso estará permitido exceder ese período.

As zonas de estacionamento

prioritario son perfectamente visibles grazas á súa sinalización mediante liñas verdes no asfalto e sinais de tráfico que as identifican

O BNG propón no Parlamento Galego a renovación do CEIP Nosa Sra. dos Remedios

O BNG, a través da deputada e concelleira ponteareá Cristina Fernández, defendeu unha iniciativa no Parlamento Galego para que a Xunta asuma as súas competencias en materia de educación e realice as obras necesarias no CEIP Nosa Sra. dos Remedios, que acolle a 400 alumnos e alumnas.

“Dada a antigüidade destas

instalacións, de case 60 anos, o centro ten cada vez máis necesidades a causa do escaso illamento térmico do edificio, que provoca humidades e supón unha gran perda da temperatura interior.” Por iso, o BNG propón a planificación dunha reforma integral, con obras de eficiencia enerxética que inclúan o cambio de ventás e persianas ou a instalación unha

calefacción máis eficiente e sostible.

O Bloque sinala que “entre as múltiples necesidades, que a dirección do centro traslada recorrentemente á Xunta e que o PP ignora, tamén se atopan obras como a actualización dos baños e espazos interiores ou mellora da accesibilidade no edificio de primaria”.

Descenso urbán en Ponteareas

O día 17 de Mayo celebrábase en Ponteareas, o seu primeiro Minidh Urbano. A proba trata dun descenso polo centro de Ponteareas para os máis pequenos, que irán desde os 3 ata os 14 anos de idade. Esta modalidade ciclista ten gran renome noutros eventos que se celebran como Marisquiño ou o Descenso Urbano de Sarria.

O Minidhu Vila do Corpus, que terá dous percorridos segundo a categoría, está organizada polo Club Pontebike Team e o Concello de Ponteareas, delegando parte



da organización da proba na entidade Sportskids.

Licitación dos "chiringuitos" da Freixa

O Concello abriu o prazo para que as persoas interesadas en dispoñer dun dos catro “chiringuitos” localizados na praia fluvial da Freixa poidan presentar as súas solicitudes.

A zona recreativa A Freixa contará de novo con servizo de restauración grazas a estes catro espazos. Cada un deles contan con algo máis de 120 m2 distri-



buídos en terrazas. Ademais, as edificacións contan con subministro eléctrico, auga e o correspondente saneamento.

SEVERO
VINOS
COMIDAS
desde 1956
Morales Hidalgo Nº 3 PONTEAREAS
986 64 01 43 - 645 862 380

ELECTRICIDAD
ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior
bouza@electricidadbouza.com
BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.
Rosalia de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

Moda - Decoración
Complementos
ROMERO
desde 1890
Constitución, 3 - PONTEAREAS
☎ 986 640 008



Fronte común da oposición ante as “actitudes antidemocráticas” de Nava Castro

BNG, PSOE e PEC rexistraron conxuntamente para o pleno de maio a iniciativa sobre a dotación de máis médicos e do mantemento da quenda da tarde para o Centro de Saúde que o goberno de Nava Castro impediu debater no último pleno. A oposición solicita tamén á Xunta que reforce a Unidade de Saúde Mental.

Ante negativa de PP, ACiP e IP no último pleno de abril para debater esta moción, BNG, PSOE e PEC anunciaron unha “fronte común ante as actitudes antidemocráticas do goberno tripartito de Nava Castro, ACiP e IP que ademais de silenciar aos grupos



da oposición impedindo o debate plenario de iniciativas do máximo interese para Ponteareas, vulnerando os dereitos dos membros da Corporación, interrompe sistemáticamente as intervencións e incumpre o regulamento e os acordos adoptados nas xuntas de portavoces por todas as forzas políticas”.

BNG: “O Centro de Saúde quedou sen quenda de tarde”



Os nacionalistas denunciaron que o Centro de Saúde de Ponteareas volveu quedar sen quenda de tarde desde o 1 de maio.

A deputada do BNG, Cristina Fernández, rexistrou unha iniciativa no Parlamento Galego relativa aos centros de saúde da comarca e PAC de Ponteareas. Denuncia “a situación límite na que o goberno do PP na Xunta ten o centro de saúde ponteareán, cunha alarmante falta de persoal. Hai miles de persoas sen médico ou médica asignada, o que provoca que as persoas usuarias teñan que agardar ata cinco sema-

nas para poder ter unha cita con algún médico de familia, véndose obrigadas en moitos casos a colapsar o servizo de Urgencias. A Unidade de Saúde Mental, de referencia para 50.000 persoas da comarca, “vive unha situación similar, con cancelación de citas e agardas inadmisibles de ata un ano.”

O Bloque insta ao goberno galego a cubrir as vacantes de persoal en todos os centros de saúde da comarca para garantir unha atención estábel e evitar a saturación de urxencias por falta de médicos e pediatras nos centros.

O SAF desenvolve protestas diarias

As traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ponteareas están a desenvolver protestas diarias diante do consistorio a partir das 12:30 horas, até que a empresa concesionaria, Aralia Servizos, lles actualice os salarios conforme ao IPC e lles abone os complementos salariais segundo convenio.



aceroplus
 imprenta digital
 IMPRENTA · PUBLICIDAD · WEB
 ☎ 986 66 03 61
 📞 604 08 43 68
 Paseo Matutino, 29 bj.
 PONTEAREAS
 www.aceroplusdigital.com
 info@aceroplusdigital.com

covelo
 Servicio integral a la construcción
 DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO
 986 644 036
 www.covelo.cc
 grupoluco@covelo.cc

JJ Copos
 Cafetería
 Terraza - Xardín
 Discoteca
 Concertos
 Avda. Galicia
 Ponteareas

La Giralda
 ESTÉTICA & PELUQUERÍA
Pasión por la Belleza
 C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
 986 660 477 / 660 860 645
 peluquerialagiralda@hotmail.com

El Escondite de Montse
 Plaza Mayor, 7 Bajo - Tel. 673280118 - PONTEAREAS
 SÍGUENOS EN Facebook EL ESCONDITE DE MONTSE

CENTRAL AGRICOLA
 PONTEAREAS, S.L.
 Agro - Jardín - Ferretería
 comercialareas@hotmail.com
 986 66 11 91 - 629 52 24 18
 Areas Picoto 36861 - Ponteareas

CONDADO/PARADANTA

Fase final de Talento Xove

Logo do éxito de participación do certame Talento Xove, organizado pola concellería de Xuventude do Concello de Ponteareas no que participaron máis de 300 mozos e mozas nas diferentes categorías, este 4 de maio deu inicio as finais en dúas das categorías, cociña e música. A fase final deste certame realizouse en Mercatea e o Auditorio Reveriano Soutullo. O sábado 11 de maio será a gala de entrega de premios.

Por outra banda o Concello anunciou a apertura do prazo



para solicitar as axudas para os centros culturais para o seu mantemento e funcionamento. A subvención alcanza os 40.000€ e será outorgada por concurso público.

Concurso "Almorzos Sabor do Tea"

O Concello iniciou este 26 de abril o concurso gastronómico "Almorzos Sabor do Tea" con dez establecementos hostaleiros da vila: Papelón con limón, Cafetería Cortiñas, Cafetería El Arca, El Regreso Café Brunch, Café Bar Romi, Cafetería Goya, Cafetería D' Peyo, Café D' Canela, Vinoteca A Tenda e Chiquitita Café.

No acto de presentación participaron a alcaldesa, Nava Castro, o concelleiro de Comercio, Ricardo González, así como os



hostaleiros e as hostaleiras participantes. Os almorzos serviránse os sábados e os domingos e os festivos 1 e 17 de maio así como o 3 de xuño na mesma franxa horaria.

www.novasdoeixatlantico.com

O PSOE homenaxeou aos seus militantes veteranos



A Agrupación Socialista de Ponteareas celebrou no Centro Cultural de Guláns, unha homenaxe ás compañeiras e compañeiros máis veteranos, todos con máis de 80 anos e unha longa traxectoria no PSdeG.

Besteiro, a quen acompañaron o secretario provincial do PSdeG de Pontevedra, David Regades,

e o secretario xeral da agrupación de Ponteareas, Delfín Domínguez, destacou o compromiso das homenaxeadas e os homenaxeados, e, ao longo da tarde, tivo oportunidade de conversar cos asistentes. Os veteranos militantes recibiron unha placa en recoñecemento polos seus anos de dedicación.

Oficina Móbil de Retorno

O Concello recibiu este 25 de abril a Oficina Móbil do Retorno, impulsada pola Xunta de Galicia, co obxectivo de axudar á integración de todas as persoas e familias retornadas da emigración que pre-

cisen apoio para trámites administrativos, asistencia sanitaria, vivenda, formación, orientación laboral, emprendemento e as prestacións ou axudas. O proxecto é cofinanciado polo Fondo Social Europeo FSE+.

ERDP
ERincón Del Perfumista
Tu Especialista en Cosmética Ecológica
Perfumes de Autor
886 311 003 | 633 535 053 | www.erdp.es | info@erdp.es
Paseo Matutino, 13. 36860 Ponteareas. Pontevedra

ATLANTICOLOR
FERRETERÍA
Telf: 986 669 955
C/ Sauce, 7 - PONTEAREAS
PERMITIDO ACCESO DE VEHÍCULOS
ZONA CARGA E DESCARGA max. 15 Minutos

OTunel
apas
Desde 1947
986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

Servizos técnicos forestais e obra do rural
Xirela
Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS
Rúa dos Nardos, 14 - baixo A
36860 PONTEAREAS
info@cvpontareas.es
886 21 61 51
URX. 603 61 02 23

Letras Galegas 2024

Luísa Villalta. A lingua como poesía

O Día das Nosas Letras deste ano será dedicado á poeta coruñesa Luísa Villalta (1957-2004) integrante da xeración poética da transición entre séculos, ilusionada, entusiasta, aberta ao mundo, cun especial protagonismo das mulleres e cuxa produción literaria deixa constancia da súa conciencia de xénero.

Luísa Villalta representa un impulso creativo e unha curiosidade intelectual e artística que a leva a ensaiar diversas formas de expresión e xéneros: a poesía, o teatro, o ensaio, a tradución de textos dramáticos, a narrativa (novela e relato breve) e a opinión a través de columnas xornalísticas.

A coherencia da súa posición intelectual é un dos seus trazos significativos e dunha personalidade literaria que se debuxa con matices propios e singulares no contexto da dúas últimas décadas do século XX e primeiros anos do XXI.

Cunha atenta interacción cos debates do seu tempo, foi unha muller comprometida co


seu tempo: o feminismo, a docencia, política, o asociacionismo civil e profesional, a defensa do patrimonio e a natureza...

Luísa Villalta mantén o pulso tenso da pesada intelectual en cada acto de escrita e non só. Violinista dedicada, afonda na música e na poesía como un diálogo creativo: a música como camiño de exploración e coñecemento, igual que a palabra poética.

Desenvolveu unha intensa actividade cultural: deu seminarios, recitais de poesía e conferencias. Colaborou en varias publicacións como Man Común, A Nosa Terra, Festa da Palabra Silenciada, Tempos Novos, Graíl, Luzes de Galiza, Agália, Boletín Gallego de Literatura, A Trabe de Ouro, ou Enclave.

Os artigos que publicou entre 2002 y 2004 en A Nosa Terra, foron recopilados no Libro das columnas (2005).

Participou en organizacións como a Asociación de Escritores en Lingua Galega, o Foro pola Cultura Galega ou a Mesa de Normalización Lingüística.



LUÍSA VILLALTA



A PALABRA É ENERXÍA EN PENSAMENTO



LETRAS GALEGAS

Poemas de Luísa Villalta

O ceu cobrou unha cor que facía pensar.
Era a hora en que as botellas se rompen para dar paso ás profundidades.
Atrás quedaban as cores álxidas, mortas de sono. O calor enfriaba-se no bisturí do horizonte.
Os nenos, de cóbados na xanela, enfrontaban a historia inconscientes, nun palpebreiro tan veloz como a infancia.
Pero aínda hai un cambio posíbel que se reserva no bolso, un remanente da derrota, para mirar arredor.
Non nos estábamos separando, por iso nos recoñecemos.
Fitabamo-nos na cita imprevista, sen saber quen nos chamou ao fio da noite.

Ruído (Espiral Maior, 1995).

Son a raíña do Ar, Porque
teño palabras nas pernas,
horizontes nos ollos e
lembranzas
no corazón.



**Isto é poesía, un ruído provocado,
provocación de boca con fame**

**Eis a Música, que brota como o río
da existencia...
Eis a Poesía, palabra melódica**

Por Agustín Lorenzo Fidalgo.

PEDRAS

Pedra nas mans

Xuntos camiñamos ergueitos
soportamos as endeitas do poder caciquil
soportando as endeitas dun poder eclesiástico
un eterno poder caciquil
un eterno asoballamento
soportamos as endeitas do presente
soportaremos as endeitas do futuro
os nosos ancestros suportaron endeitas do pasado
xuntaremos as nosas mans nesta angueira
xeiras pesadas arrumaron os nosos ancestros
labrando de sol a sol
labraron colleitas para o fisco
dando o seu sangue polo noso futuro
herdanza dunha xeración de traballo e miseria
ergamos a nosa voz de pobo libre
ergamos os fachos da liberdade
queren alienar as nosas mentes
debuxemos noites para soñar
lendas de loita agardan a nosa xuventude
non deixemos que nos tapen a boca
xunguiremos a nosa lingua e a nosa cultura
pedras que choran nas noites desta invernia
pedras liberadas para os nosos fillos
mãos enlamadas procurando a vida
soñemos cunha herdanza sen medos
soñemos con tempos de liberdade
loitemos xuntos por unha meta de paz
loitemos por un tempo de xustiza
ergamos a nosa bandeira
defendamos a lingua dos nosos ancestros

Certo mutismo

Nunha noite de forte xeadada, O Pampín, saíu a eira que está a carón da súa casa, para pechar as cancelas, e alí mesmo, atopouse un mozo duns corenta anos, totalmente descoñecido na aldea, saudouno amigablemente e díxolle se quería quentarse na lareira da súa casa, o mozo miraba fixamente para o seu interlocutor, mais non respondía a ningunha pregunta.

Cando tentou pechar as cancelas, o mozo esbozando un sorriso meteuse na eira, e camiñou a par de Pampín, amosando na súa faciana certa ledicia, polo que Pampín coidou que o mozo era mudo.

A carón da lareira, estaba a súa muller e os seus catro fillos, e nada mais chegar, ofrecéronlle unha cunca de caldo, pan, touciño, e un pouco de viño, despois de comer, xesticulando agradeceulle o convite, adicaándolle sorrisos os nenos alí presentes que contaban entre catro e dez anos.

Durmiu toda a noite nun improvisado catre a carón da lareira, e xa pola mañá dispuxose a axudarlle nas tarefas da casa, actitude que mantivo todo o día, sendo este feito o que levou a familia a permitirlle que seguise na casa coma un mais do grupo familiar

Como queira que na aldea, levaban xa varios anos sen escola, Pampín tentaba que os seus fillos maiores,

aprendesen algo na casa, e adoitaba ensinarlle e mandarlle tarefas fundamentalmente de matemáticas. Unha noite con grande sorpresa puido ver como o forasteiro axudaba a seu fillo nas matemáticas, e sen dicir nada, sentouse o seu carón e puido comprobar o seu coñecemento e destreza nas explicacións.

Diante das preguntas de Pampín, o forasteiro foille contando a súa historia, díxolle que era ou fora (xa non sabía moi ben) mestre, que xunto con outros compañeiros, fora represaliado, torturado e condenado a cadea perpetua, e un día puido fuxir agochado no carro do panadeiro, e estivera moito tempo vivindo no monte, e pasando moita fame e frío, e como aínda conservaba algún documento no peto do seu desgastado pantalón, puido verificar a certeza do seu pasado.

Adán que así se chamaba o mozo, foise integrando na vida familiar e organizando cada día unha pequena escola cos fillos da familia, e como a aldea seguía sen ter escola de xeito oficial, pasou a ensinar os nenos e nenas da aldea, e xa polas noites tamen a mocidade que quixese, formando deste xeito unha especie de escola do ferrado na aldea.



mp MARPI

Pisos Casas Solares Vendas Compras Alquileres

R/ Amado Garra, 11
PONTEAREAS
Tel.: 986 66 18 18
Fax: 986 64 47 29

e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

TAPERÍA - CERVEXARÍA

A Fragua

Tel: 622 024 787 - PONTEAREAS

viveiros canedo

CENTRO DE XARDINERÍA

Rúa Real, s/n - N-120 Telf. 986 669 960
Km. 645,5 info@viveiroscanedo.com
Ponteareas - Pontevedra www.viveiroscanedo.com

Nicolás Xamardo González

Primeiro governo Feijóo e crise dos medios en galego

Os efectos da crise nos medios en galego, especialmente na escrita (as radios –así como a RTVG–, ao ser maioritariamente de propiedade municipal e autonómica, respectivamente, sufrirona en menor medida), debeuse fundamentalmente a dous factores principais: buscar viabilidade en empresas alleas á cultura galega e con outros intereses (caso da Nosa Terra, co empresario Jacinto Rey e de Galicia Hoxe co Grupo El Correo Gallego) e depender en exceso das subvencións públicas. Así mesmo, hai que sinalar a desmobilización de amplos sectores do galeguismo, faltos de capacidade de reacción inmediata á política de recortes da Xunta de Galicia aos medios en Gallego. Á crise económica hai que engañar

dirlle as razóns políticas que están na base deses peches de medios monolingües en galego (A Peneira, Longa Lingua). Lembremos que estes se produciron tras a perda das eleccións polo bipartito (PSG-BNG: 2005-2009) e a vitoria de Alberto Núñez Feijóo (PP) na eleccións de 2009. Lembremos tamén que todos eses medios, maioritariamente de esquerdas, mantiñan, con certas diferenzas, liñas editoriais contrarias á política da Xunta de Galicia liderada por Núñez Feijóo. Así mesmo, é de apuntar que, nun período de tempo menor aos dous anos, todos estes medios desapareceron tras gañar o PPdG, as eleccións galegas por maioría absoluta. Habemos de sinalar tamén que Núñez Feijóo rompeu co disface galeguista da era

Fraga, liderando unha política abertamente españolista e contraria á promoción da lingua e cultura galegas. Neste sentido, podemos afirmar que, na base do peche dos referidos medios, pesaron máis as razóns políticas que as económicas. Así, mentres os xornais en español, como La Voz de Galicia ou Faro de Vigo, recibiron xenerosas subvencións a cambio, está claro, dun tratamento favorable á súa acción de goberno, os medios críticos apenas atoparon apoio público para sortear os efectos da crise, nin sequera a cambio de promover o galego, obrigación legal que a Xunta agora incumpre de maneira flagrante. Doutra banda, podemos destacar o feito de que a prensa chamada comarcal (O Xornal de Lalín e Comarca, Terra Chá. Xa! e Ou sil ano 2000), en xeral, resistiu ben o impacto da crise e da política da Xunta. Tamén resistiron ambos os embates aqueloutros de natureza asociativa (Encrucillada, Irímia, Cerne, Esculca), vinculados a movementos políticos

nacionalistas (Novas dá Galiza ou a revista Tempos Novos) ou ben relacionados con editoriais (as revistas Grial ou A Trabe de Ouro). En fin, o fenómeno máis interesante xurdido desa crise protagonízano os novos medios electrónicos xurdidos da mesma cunha filosofía diferente, buscando o apoio e a implicación da sociedade na xestación, mantemento e defensa dos mesmos (pequenas achegas de cuentaparticipes, como no caso de Gara ou Berria). Pensemos en Sermos Galiza (tamén semanario en papel), Praza Pública, Galicia Confidencial, Dioivo, Diario Liberdade. Mención especial, pola súa tenacidade e compromiso coa lingua e cultura galegas, merece o rexurdimento da Nova Peneira (mensual e en liña), dirixida polo infatigable Guillermo Rodríguez.



Por Nemésio Barxa.

Galego vivo. Galiza viva.

Este é o lema escollido este ano pola Plataforma Queremos Galego como cabeceira do manifesto no Día Das Letras Galegas, para concienciar a una sociedade e especialmente aos poderes públicos e ás Administracións públicas e entidades privadas da importancia do uso do idioma como sinal de identidade do povo galego. O manifesto e a manifestación convocada para o día 17 em Compostela chamam á mobilización popular para reivindicar a autoestima do idioma e o cumprimento das 400 medidas concretas que recolle a Lei de Normalización lingüística e o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. É deber individual de cada un de nos e da sociedade em geral comprometermos con a lingua para reverter a situación de emergência que vive o galego; necesitamos da sociedade e necesitamos de un goberno que acompañe esse compromiso favorecendo seu uso em

todos os ámbitos da Administración pública, nos colégios, institutos, centros de saúde e no seu trato com o público.

Em relação com o idioma (também em muitos outros setores) Feijoo foi nefasto, pois a anunciada liberdade de uso em ambas línguas cooficiales era uma falacia ante a ausência de oferta e o afogamento da demanda em galego; já de entrada eliminou o requisito de fazer em galego alguma das probas de acceso á función pública. O Serviço Galego da Saúde fica só formalmente galeguizado em parte da sua sinalização e da sua documentação, sendo o Serviço que acumula um maior número de queixas por vulneração dos direitos lingüísticos, incluso atrasando intervenções cirúrgicas por solicitar o consentimento informado em galego. Tampouco se prevê o emprego do nosso idioma em empresas contratadas pola Administração pública.

O mesmo teor na Educação; negasse a

educação substancialmente em galego em infantil primaria e secundaria a pesar do compromisso existente com a Carta Europea das Linguas.. Não estranhe que incluso os nenos que entram na escola falando galego aos poucos cursos rematem adotando o castelhano e conseqüentemente que 1 de cada 4 menores de 15 anos reconheça ser incapaz de falar em galego.

Melhor nem falar no âmbito Judicial, no que a própria Xunta incumple a sua própria obriga e seus escritos de demandas ou oposições som redigidos habitualmente em castelhano. Os próprios juizes e secretários (agora letrados da Administração de Justiça e dependentes da Xunta) som maioritariamente reacios a que se use o galego. Há poucos días um funcionário judicial me comentava que a Secretaria lhe havia devolvido um escrito de citação negativa a um cidadão, cuja copia me acompanhava; o texto era corretíssimo, perfeitamente inteligível e só se aparta do normativo no M final (em vez do n) e no emprego do V (no canto do b); fixo-me

lembrar que há anos (eu nos escritos forenses emprego um reintegrado lig, que me tem criado seus problemas) me devolveu a Secretaria uma demanda por não ir em correto normativizado (a diferença mais notória entre ambos é a ortografia) assim que redigi de novo a demanda, neste caso em castelhano, mas com as hipotéticas gralhas que tinha no anterior escrito em galego, é dizer os finais em M e o uso maioritário dos V; pois a demanda em castelhano, com as mesmas gralhas que a em galego inadmitida, foi admitida.

Existe uma forte galegafobia, incluso entre galegos, que temos que combater fazendo todos os días um 17 de maio. E demonstrando-lhe ao Sr. Presidente de Xunta, antigaleguista declarado, que mantemos nossa dignidade como galegos e que queremos total galego.

Quinta do limoeiro, maio do 2024.



O Concello do Pereiro de Aguiar no Día das Letras Galegas con Luísa Villalta, "narradora, profesora, dramaturga, ensaísta, poeta, violinista, tradutora... que sementou tanto compromiso, tanto amor á nosa lingua e á nosa cultura", segundo a académica da Real Academia Galega Fina Casalderrey.



Defendamos a nosa lingua

A Importancia da Normalización Lingüística do Galego: Preservando a Identidade Cultural de Galicia

Galicia, unha nación situada no noroeste da península ibérica, é fogar dunha rica herdanza cultural que se reflicte na nosa lingua, o galego. Ao longo dos séculos, a nosa lingua foi un símbolo de identidade para todas as galegas e os galegos, porén en tempos modernos enfrenta desafíos importantes por mor da influencia predominante do castelán e a globalización. Neste breve artigo, exploraremos a importancia fundamental da normalización lingüística do galego e a necesidade de preservar este tesouro lingüístico para as xeracións futuras.

A lingua galega, vencellada á identidade de Galicia e estendéndose máis aló das súas fronteiras xeográficas, é unha expresión viva da historia e a cultura do seu pobo. Recoñecida como lingua cooficial e protexida polo Estatuto de Autonomía, o galego foi impulsado inicialmente por unha lexislación que debía garantir a súa promoción e normalización en todos os eidos da vida pública e privada, porén os departamentos de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña, Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, e Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo fixeron pública hai tempo unha declaración conxunta na que alertaban da grave situación do idioma galego e pedían unha decidida actuación política para melloralas.

Malia as súas raíces fondas na historia medieval, o galego afrontou desafíos ao longo dos séculos, desde a decadencia nos chamados "Séculos Escuros" até o século XIX co movemento do Rexurdimento, liderado por figuras como Rosalía de Castro. No século XX, o galego finalmente alcanzou o seu status oficial e experimentou un renacemento cultural, marcando a súa presenza na literatura e na publicación constante de libros en galego, nos medios de comunicación e a educación. Porén, hoxe



enfrenta novos retos nas áreas urbanas, onde o castelán gañou terreo. Malia isto, estou convencido de que a paixón e o compromiso por preservar e promover o galego son máis fortes que nunca, impulsados polo amor a unha lingua que é moito máis que verbas: é a voz dun pobo, a súa historia e o seu futuro.

Malia a súa rica historia, o galego afrontou e enfrenta dificultades para manter o seu status como lingua viva e activa na sociedade galega contemporánea. A hexemonía do castelán, como lingua dominante, exerce unha forte presión sobre o galego, relegándoo a un segundo plano en moitos aspectos da vida cotiá. Ademais, a globalización e a influencia dos medios de comunicación levaron a unha maior exposición ao castelán e ao inglés, en detrimento do galego.

A normalización lingüística do galego

é esencial para garantir a súa supervivencia e a súa vitalidade no futuro. Isto precisa non só o fomento do uso cotiá do galego en todos os eidos da vida pública e privada, senón tamén o desenvolvemento de políticas lingüísticas que protexan e promovan o seu uso. A normalización lingüística tamén require o desenvolvemento de recursos educativos axeitados, como programas escolares que fomenten o uso sistemático da lingua galega e materiais de ensino do galego para adultos.

A lingua é un elemento central da identidade cultural dun pobo, e o galego non é unha excepción. Preservar e promover o galego é fundamental para manter viva a rica herdanza cultural de Galicia e para fortalecer o sentido de pertenza das galegas e galegos á súa terra e á súa comunidade. Ademais, o galego é un vehículo importante para a transmisión de valores, tradicións e coñecementos ancestrais e lembranzas dos nosos devanceiros que son parte integral da nosa identidade.

Ante o desafío do avance do castelán e a predominancia dos medios de comunicación nesta lingua, a administración galega podería pór en marcha e desenvolver as seguintes medidas para frear a perda de falantes en galego e promover o seu uso:

- Apoio a medios de comunicación en galego: As administracións galegas (Xunta de Galicia e Concellos) poderían outorgar apoio económico e recursos a medios de comunicación en galego, xa sexan xornais, radios, televisións ou portais da internet. Isto incluíría subvencións para a produción e difusión de contido en galego, así como a promoción destes medios entre a poboación sexa ou non galegofalante.

- Creación de novos medios en galego: Ademais de apoiar aos medios de comunicación existentes, a administración galega podería fomentar a creación de novos medios en galego, especialmente en áreas onde a presenza do galego é máis feble. Isto podería incluír unha mellora substancial

da cualidade da programación da TVG1 e TVG2, ou a creación dunha terceira canle de televisión pública en galego ou o lanzamento de novos xornais e portais de noticias na nosa lingua vernácula.

- Regulación da proporción de contido en galego: Poderíanse establecer normativas que esixan aos medios de comunicación incluír unha proporción mínima de contido en galego na súa programación ou publicacións (50% como mínimo). Isto garantiría que a cidadanía galega teña acceso regular a contido na súa lingua materna e axudaría a normalizar o uso do galego nos medios de comunicación.

- Incentivos para a produción cultural en galego: A administración galega podería ofrecer incentivos fiscais e económicos aos produtores de películas, series de televisión, música e outros medios culturais que opten por producir contido en galego. Isto axudaría a aumentar a oferta de contido cultural en galego e atraería a un público máis amplo.

- Promoción do uso do galego na educación: Reforzar os programas de educación en galego nas escolas e universidades, asegurando que o galego teña unha presenza importante no currículo escolar. Ademais, poderíanse desenvolver campañas de sensibilización dirixidas a pais, alumnos e docentes sobre a importancia de preservar e promover o galego como parte integral da identidade cultural de Galicia.

- Fomento de políticas lingüísticas no sector público e privado: Estabelecer políticas e programas de incentivos para que as empresas e organizacións do sector público e privado utilicen o galego na súa comunicación interna e externa. Isto podería incluír a tradución de materiais comerciais ao galego, a oferta de servizos en galego e o recoñecemento público a aquelas empresas que promovan o uso do galego na súa actividade.


- Creación de espazos de encontro en galego: Promover a creación de espazos de encontro e debate en galego, como clubs de lectura, grupos de conversa ou eventos culturais. Estes espazos servirían como puntos de encontro para a comunidade galegofalante e contribuirían a fortalecer o uso do galego na vida cotiá.

Continúa na páxina seguinte...

Luísa Villalta
Letras Galegas 2024



Un ruído provocado(r)
Voces arredor de Luísa Villalta
Montse Pena Presas
Mercedes Queixas Zas (coords.)



O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral
Luísa Villalta

EDICIÓNS
LAIOVENTO
www.laiovento.gal



Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

O tema da Lingua, neste tempo das festas consoladoras

A protección das linguas é a protección dos pobos. Se nos fixamos ben naqueles pobos que perderon a lingua propia e non volven por ela, están faltos desa cor comunicativa na que deberan entenderse consigo mesmos pero tamén co mundo. Perderon o legado común e viven do patrimonio alleo, para expresarse en alleo aquilo que lles puidera ser propio, porque as linguas, os idiomas que nos caracterizan, son seres vivos e requiren a atención debida, os coidados que até agora, aquí, este Estado non tivo a ben acordar. De aí a nosa rebeldía, unha rebeldía contra a centralidade omnipotente que pensa que todo pasa polo seu embigo. A Constitución proclama a vontade de "protexer" (defender, abrigar, gardar, preservar, socorrer, beneficiar, favorecer ou fomentar) as linguas de todos os pobos, ademais de consideralas oficiais, sendo obxecto de especial respecto e protección. Palabras que quedan moi ben no papel e que non se levan adiante. Mentira, todo mentira. Tiñamos leis, pero esas leis sempre foron mal interpretadas e mal asumidas

polos aliados e alleantes, tantos que no mundo hai e que sempre existen. Empezaban, esas leis, por semellar un consentimento, unha autorización para sermos libres. Que cousas! Deixábanos expresarnos e aprendernos na nosa Lingua! Un estado de intencións que na aplicación engurrouse e deixaron diluídas en moitos organismos que negan a execución e disimulan o seu cumprimento. Alí atoparon o modo de agachar a lei, de seguir a facer o que lles saía de dentro. Quen podería obrigarme a min, dicían, a falar nese dialecto bastardo? O ensino era a porta, unha porta inocente e esperanzada pero, ao mesmo tempo, envelenada. Porta pola que entraba o idioma en forma de "materia", e orfa. Digo orfa porque era, ben o sei, desde dentro, unha "maría" para aprobar masivamente ou era unha disonancia que -sobre todo para os opostos- gustaban suspender. Non pasaba como as prestixiosas linguas preferentes, enténdase castelán e inglés, que sempre gozaron do seu "palmito". Nunca se lles ofreceu ao resto dos pobos, do Estado, a posibilidade de aprender euskera, catalán

ou galego. Tanta xente que traballa nos Ministerios, nas Consellarías, ...nada. Sería algo así como o recoñecemento de que outros idiomas había, tan válidos, aínda antes de haber o idioma que empregan a cotío.

Non hai que ser moi de letras para saber que unha lingua, para ser aprendida, necesita de inmersión e de credibilidade, algo así como cambiar o chip de desprazamento a ese pensar noutra clave interpretativa. E iso foi o que á Nosa Lingua lle roubaron, o creto. A vida de calquera lingua vai xunguida moi intimamente ao uso e emprego dos seus falantes. Sobre de nós, pesan séculos de burla e de menosprezo, de asoballamento e complexo de inferioridade que propiciaron unha lenta agonía axudada desde as institucións, alentada pola igrexa e o empresariado en xeral. É unha caída lenta, cruel. Todo se fai en inglés, en castelán, e así acada certo prestixio. En galego moi poucas publicacións, moi poucas actuacións, moi poucas representacións, moi poucos debuxos animados, moi poucas creacións nadas en galego, moi poucas manifestacións de apoio polo moito idioma que temos. Ademais sempre saen os amigos, as amizades de sempre, os e as elixidas voces que calan o que non interesa dicir. Ás veces semella un bucle, un circuíto pechado no que sempre saen os mesmos personaxes, os

triumfadores, as presentadoras de sempre, as escritoras de sempre, os pintores de sempre, que ademais son os que non asumen en seria convicción o tema da Cultura e da Lingua. Os medios de comunicación seguen a dicir o mesmo, están tomados pola liña represiva que nos omite ou asegunda. Morre xente, morren palabras e verbos, morren memorias e textos, relatos. Morre a música, a nosa música, envolta noutras múltiples forma de anglicarnos e globalizarnos, neste espazo de silencio no que se agachan todos, nos que sempre perdemos nós. A lingua sobrevive dificilmente a nivel oral e en certos ámbitos de resistencia. A axuda lingüística dos organismos é deficitaria e escasa, calan e menten datos. Por dentro alédanse porque non o senten, porque non se fan responsables da deriva transcendental desta caída onde moita xente se coída de non meter un castelanismo, mais non dubidan en empregar "palabros" en inglés ou inventados, dá igual e farda moito! Saiban que a Lingua tamén é Patria e que non se concibe sen o emprego definido e sen vacilacións, sen tradución rápidas e mentais que ao final confunden os pronomes e a borran a dignidade posesiva e de orgullo.



...Ven da páxina anterior.

Defendamos a nosa lingua por Óscar Lomba Álvarez

- **Investimento en investigación e desenvolvemento lingüístico:** Destinar recursos á investigación e desenvolvemento lingüístico para enriquecer o vocabulario e a gramática do galego, así como para desenvolver ferramentas tecnolóxicas que faciliten a súa aprendizaxe e uso na era dixital.

- **Crear un Instituto para divulgar e proxectar a lingua galega no mundo:** Galicia ten que promocionar o seu idioma propio e é por iso polo que resulta urxente artellar a creación dun Instituto para conservar, promover e difundir o galego no mundo, equivalente ao Cervantes co castelán, ao Ramon Llull co catalán

ou ao Camões co portugués. Un instituto que debería ter como función principal divulgar a lingua e dar a coñecer a literatura do noso país con actividades que, desde a celebración de congresos, o apoio a creadores ata a concesión de axudas para a tradución de obras galegas a outras linguas ou a presenza regular de creadores e obras nos circuítos internacionais (feiras do libro, mostras de arquitectura e artes plásticas. Festivais de cine, danza, teatro e artes escénicas e performativas...), a promoción de coproducións, de obras cinematográficas e audiovisuais ou a posta en marcha dun gran portal internacional da lingua galega

en internet, servirían para incrementar a presenza do galego noutros espazos lingüísticos.

Estas medidas, combinadas cun compromiso firme por parte da administración galega, nomeadamente a Xunta de Galicia, concellos e a sociedade no seu conxunto, poderían contribuír significativamente a frear a perda de falantes e eventualmente alcanzar a meta de incrementar substancialmente o número de persoas que usen de xeito cotiá o galego. A normalización lingüística do galego é un proceso gradual que require un esforzo conxunto, sostido e continuo, porén os beneficios de preservar e promover a nosa lingua son inavaliábeis

para a identidade cultural e o patrimonio de Galicia.

En conclusión, a normalización lingüística do galego é un obxectivo fundamental para a sociedade galega no seu conxunto. Preservar e promover a nosa lingua é esencial para garantir a supervivencia da nosa identidade cultural e para fortalecer o sentido de pertenza dos galegos e as galegas á súa terra e á súa comunidade. Só mediante un compromiso decidido coa normalización lingüística podemos asegurar que o galego continúe sendo unha parte viva e vibrante do patrimonio cultural de Galicia para as xeracións vindeiras.

**Autoescuela
PONTEAREAS**
C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfños: 986 660 896 - 604 047 703

**PANADERÍA
A BROA
CAFETERIA**
Puza - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090
Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

mifollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA
986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas
mifollas@mundo-r.com

Xerardo Álvarez Limeses e o mundo das letras

Anxo Serafín Porto Ucha
M^a Raquel Vázquez Ramil

Nun *Diccionario Biográfico de Pedagogos*, que a Sociedad Española de Historia de la Educación pretende publicar, encargáronnos a redacción dunha entrada sobre Xerardo Álvarez Limeses, da que ofrecemos algúns datos con motivo do especial Letras Galegas 2024 en Novas do Eixo Atlántico.


Xerardo Álvarez Limeses naceu en Pontevedra o 10 de decembro de 1871 e morreu na mesma cidade o 19 de febreiro de 1940. Por liña paterna, era fillo de Emilio Álvarez Giménez, durante moitos anos Catedrático de Segunda Ensinanza no Instituto de Pontevedra, e de Amalia Limeses Iglesias. Casado con Dolores Gallego Martínez, foron os pais de Xerardo, Emilio, Enriqueta e Amalia. Amalia Álvarez Gallego casou con Alexandre Bóveda, ao que o mesmo Alfonso R. Castelao definiu como un dos intelectuais máis relevantes da época na Galiza, fusilado na Caeira (Pontevedra) no amencer do 17 de agosto de 1936.

Seu irmán Darío Álvarez Limeses, casado con María Blázquez Ballester, coa que tivo seis fillos (Darío, Celso, Xosé María, Alfonso, Emilio e Álvaro) foi médico destacado na cidade de Tui, fusilado coa chegada da guerra civil, o 30 de outubro de 1936, logo dun xuízo sumarísimo celebrado en Vigo, e a dura represión levada a cabo na antiga capital da provincia, con motivo da resistencia que se ofreceu aos sublevados.

Xerardo Álvarez Limeses ademais de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, estudou en Madrid, na Escola Normal Central. Profesionalmente, foi, sobre todo, Inspector de Primeira Ensinanza en Cádiz, Ourense, e en Pontevedra a partir de 1914, onde ocupou ininterrom-

pidamente o cargo de Inspector Xefe até 1933, momento republicano no que deixa o posto a favor de Pedro Caselles Rollán. Volveu ser nomeado inspector Xefe de Pontevedra en marzo de 1934, continuando como tal despois do golpe de Estado do 18 de xullo de 1936. Por problemas de saúde, cesou en xuño de 1938, sucedéndolle o catalán José Muntada Bach.

Xerardo Álvarez Limeses foi académico correspondente da Real Academia Galega y pertenceu á Sección de Historia do Seminario de Estudos Galegos. Entre a súa produción literaria en castelá, cabe sinalar: *Margaritas* (poesía; Madrid, 1893), *Versos morales* (poesía; Pontevedra, 1895), *Lezendas gallegas. Santa Trahamunda* (Tui, 1917), e *El emisario de Oriente* (drama en verso). Mención aparte merece para nós, que estudiamos a depuración do maxisterio na provincia de Pontevedra, a súa participación na *Geografía General del Reino de Galicia* (tomo VI, Provincia de Pontevedra,



O Seminario de Estudos Galegos en 1928. Xerardo Álvarez Limeses, diante, sentado, segundo pola dereita.

1928, reeditado con algunhas actualizacións en 1936 por F. Carreras y Candi (dir.), tt. 1º y 2º, do que dispoñemos dunha edición facsimilar en Edic. Gallega, A Coruña, 1980, vols. XII e XIII. Na súa condición de Inspector Xefe de Primeira Ensinanza, legounos unha serie de datos para a provincia, polos que podemos ofrecer as distintas clases de escolas, públicas e privadas, unitarias e mixtas, das seccións graduadas, as escolas para prácticas dos alumnos do grao profesional, etc., que nos permite ofrecer unha importantísima radiografía da rede escolar naqueles momentos, por partidos xudiciais, concellos e parroquias. Na produción en galego, cabe destacar *Antre dous séculos* (poesía; Pontevedra, 1934, con prólogo de Castelao, reeditado en 2021). Destacou tamén a súa colaboración nas Misións Pedagóxicas (1932).

A nivel asociativo, coa creación da chamada "Casa del Maestro" de Pontevedra, que contou con nada menos que 1033 asociados e asociadas entre 1934 e 1936, Xerardo Álvarez Limeses, sumouse con ilusión ao proxecto dende os primeiros momentos. No apartado de "Donaciones", para a posta en marcha da importante Biblioteca constituída, a primeira doazón que temos rexistrada é a obra da que era

autor, titulada Enciclopedia Escolar. Lamentablemente, coa chegada da guerra civil, a sen razón provocou o desmantelamento da *Casa del Maestro*. Que nós saibamos, a *Enciclopedia Escolar* de Xerardo Álvarez Limeses, perdeuse para sempre.

Xerardo formou parte dunha extensa estirpe familiar de escritores, da que proceden os Álvarez Limeses, Álvarez Gallego, Álvarez Negreira, Álvarez Gándara, Álvarez Blázquez e Álvarez Cáccamo. O *Faro de Vigo*, de 5 de marzo de 2024 incluía: "Falece o escritor e exprofesor Alfonso Álvarez Cáccamo, gañador do Xerais 1990". Alfonso exerceu como mestre durante anos no Colexio de Panxón, Xunto co seu tío Álvaro, fóranos de grande axuda na elaboración da "historia de vida" de seu pai, Xosé M^a Álvarez Blázquez, mestre do Barrio das Olivas (Tui), sancionado con traslado fóra da rexión, nun desterro, camiño de Coreses (Zamora) en 1938.

Bibliografía

Porto Ucha, Anxo Serafín, e Vázquez Ramil, Raquel (2021). *Represión e depuración do maxisterio na provincia de Pontevedra. Análise teórica e estudo por partidos xudiciais, concellos e parroquias* (1936-1942). Santiago de Compostela: Andavira.

AdobiArte
Traxe Tradicional · Instrumentos · Artesanía · Agasallos



Rúa da Esperanza, 23 (Esq. Praza Argentina 1) 36860 Pontearreas
Telf. 886 155 412 - 603 800 614 Email: adobiarte@gmail.com

Asesoría Técnica Agrícola
AGROITIS



Telfs.:
Oficina: 986 642 507
Pancho: 616 940 394
Cristina: 679 959 797

Avda. Ciclista
Dello Rodríguez nº4 baixo
36860 Pontearreas
agrovitis@agrovitis.es
www.agrovitis.es

ZOE
LENCERÍA



ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA

C/Amadeo garró nº10, Pontearreas - 36860

Carlos Méixome

Xente de boa morte

Dime Suca que Alfonso entrou no Cunqueiro, mira ti polo que se vai facer famoso don Álvaro, aínda que a xente coide que foi un médico e non o autor de Escola de Menciñeiros. Decía que Suca me dixu que Alfonso entrou no hospital facendo chanzas, como era a súa cotiá actitude, seguro do certo e pronto retorno ao fogar de Oia. Mais non foi así.

Non todos somos quen de obedecer a orde racional de Alfonso; a súa teima de ter cada cachifallo no seu sitio; cada libro no seu xusto lugar de pronta localización; cada carpeta numerada; cada quebra, da que tirar a máis delirante e hipotética semellanza, no seu recuncho; cada óleo, cada debuxo, intenso en colorido, de fondo naif, cada mapa do seu país, Gurzonia, cada deseño das súas estatuas, prazas ou rúas... todo en perfecta orde de revista, como dirían as xentes militares, que non eran santo da súa devoción

Xustamente no Parque Culebrios de Mimbrano, Olafson Mork ergueu un monumento que denominou "Máquina para repintar a Lúa". Fíxoo en conmemoración dunha lembranza cunqueiriana, agosto de 1959, cando o pequeno Olafson en compañía do seu amigo Alfonso Álvarez Cáccamo, dos pais e irmáns deste e doutras parellas amigas e veciñas, subiron enriba dunha duna, na praia da Calzoa coruxeira, para ollar o paso entre as estrelas do sputnik ECO 2 que guindaran os rusos para dar voltas ao redor da Terra. Unha vez que coidaron intuír o aparello, unha luciña vagaceira, os adultos ficaron de conversa e os cativos conseguiron o indulto e foron un chisco máis tarde para a cama. Daquela recorda Olafson: "Cun-



Alfonso Álvarez Cáccamo

queiro anunciou que, se a tecnoloxía seguía avanzando de tal xeito, antes do ano 2000 o home chegaría á Lúa, pero laiábase de que se o seu prognóstico se cumpría, o home, ao "mancillar" a doncela do noso satélite, remataría coa poesía: a Lúa xa non sería a misteriosa dama que inspiraba a homes e mulleres". Foi entón cando Olafson Mork deseñou e decidiu erguer o monumento "contra a preocupación de Álvaro Cunqueiro".

Alfonso sempre tivo moi presente a morte nos seus relatos. Ela e o humor son as súas teimas literarias. Mesmo nun conxunto de relatos afrontouna en exclusiva, iso si, sempre pasada pola peneira da súa

imaxinativa ironía e da bondade da súa alma. Xente de mala morte (Galaxia, 1993 e reeditado en varias ocasións) mereceu o premio de narrativa Álvaro Cunqueiro de 1993.

Son oito relatos que bandean entre un intento salvador dunha vida inexistente, un tenro alegado antibélico a través dos xogos dun aparvadiño e a insensata paixón por unha Ducati-250 Lemans que arrastrará á morte a Lucas Freixomil. "QEPD" e "RIP" son os de título máis evidente, pero máis enganoso. Non fan referencia ao que se podía pensar, senón a Quintiliana Emilia Pérez Domínguez e a Ricardo Iglesias Pumarín.

A primeira, unha muller maior, de sinxela vida entretida en velorios e marcada polo ritmo obsesivo do reloxo, desorientase coa perda da rutina e bate cunha asociación de axuda a se suicidar, sen ela querelo, para pór fin a unha vida anódina. Non estaba baleira a de Ricardo, senón plena de actividade; sabémolo por unha longa carta de suicidio na que confesa que unha cabra lle estragou un cadro que lle levará tres anos restaurar. Todo unha argucia. A cabra estragou unha copia; Ricardo vendeu o auténtico; suicidouse como simple adianto dun cancro terminal e deixoulle a faldriqueira chea a súa muller. Esta, a muller de Ricardo, era ben discreta, non como a falabarata e encantadora Ghémelin que lle fai crer ao xefe do seu home que ten un cancro terminal, e este acaba por se suicidar; como tamén a fillastra dun tal Víctor, en prisión por abusar dela. O protagonista do último dos relatos non se suicida, pero case, senón que, como Lucas Freixomil, é vítima dunha máquina, neste caso un Cadillac, que lle causa a morte a Manolo Reigosa, un homosexual do que deixaran de chufarse ao se converter en centauro e pasar a ser considerado tolo, iso si, renunciando á

súa condición sexual.

Os relatos de Xente de mala morte están situados no momento da escrita, pero non precisan comprensión temporal. Alternan formas dialogadas con relatos ininterrompidos. Perseguen a mestura entre o sorriso e o negror. Emporiso, todos os personaxes, dende o parviño ata o entolecido pola moto, o pobre centauro, a metódica QEPD, os suicidas, o inducido e o terminal, ou o atormentado polos celos de praceres alleos, desprenden, cando menos ao meu ver, a inmensa tristeza duns personaxes solitarios, abandonados, condenados, desconsolados, derrotados...

Estes días fixen a mellor, coído, home naxe que se lle pode facer a un escritor; volver a ler os seus libros. Mais tamén lembrei o amigo de boa morte que sempre permanecerá.



"Máquina para repintar a Lúa", ilustración sacada dun blog de Alfonso Álvarez Cáccamo.



CAIXA RURAL GALEGA



> caixaruralgalega.gal




> Síguenos!   

Día das Letras Galegas 2024

Luísa Villalta



Fotografía © Xosé Abad

Roque Pesqueira Crespo e as Letras Galegas

Moitos serán os artigos que versarán merecidamente, neste Día das Letras Galegas de 2024, sobre a figura e a obra da escritora coruñesa Luísa Villalta.

Desde o meu ámbito territorial, esta data resulta, ademais, unha ocasión propicia para contribuír ao coñecemento de autores que, nestas terras do sur de Galicia, sentiron na mesma época que os grandes do Rexurdimento -Rosalía, Curros, Pondal, Murguía...- a necesidade da defensa do noso idioma e a expresión literaria en prosa e verso, da vida, a morte, as lecidias, os pesares, os amores, os desamores, os costumes, as reivindicacións, as crenzas, as paisaxes, as lendas...

Entre estes autores de finais do século XIX destacou o ponteareán Roque Pesqueira Crespo.

Algún libro e varios artigos procuraron nas últimas décadas o rescate da súa figura e da súa obra de maneira parcial, empeño no que eu mesmo participei.

Sen embargo, sospeitando que aquilo era soamente a punta do seu iceberg literario, decidín emprender a tarefa de recompilar a súa obra completa. Produto deste empeño, publiquéi en 2022 unha recompilación que reúne 131 poemas e 52 obras narrativas entre relatos, ensaios, artigos e reflexión en idioma galego, así como 71 poemas e 25 narracións en castelán.

Roque Pesqueiras naceu na vila de Ponteareas o 31 de decembro de 1865 e estudou a carreira de Dereito na Universi-

dade de Santiago de Compostela. A súa obra literaria data dos anos de estudante universitario (décadas de 1880 e 1890, e pouco máis) pois finalmente acadou ao posto de rexistrador da propiedade e isto obrigouno a unha vida itinerante en diversos pobos e cidades de Galicia, Castela e León e Cataluña. Parte da súa familia quedou afincada en Ponteareas pero outra parte quedou a vivir en Barcelona. Na Cidade Condal finou en 1938 e alí está soterrado no camposanto de Sant Gervasi.

Roque foi un apaixonado defensor de Galicia e da súa lingua nun intre de especial efervescencia e esplendor do ideario galeguista e da súa expresión literaria. Gran coñecedor e moi ben relacionado co mundo intelectual galeguista da época, as súas obras publicáronse a carón das de Murguía, Curros, Pondal, Dato Muruais e tantos outros. Admirador sen límites de Rosalía, empeza a publicar en agosto de 1885, xustamente un mes despois do pasamento da santiaguesa á que fai frecuente referencia con fervor. Entusiasta e decidido defensor na necesidade da creación dunha Real Academia Galega, publicou diversos artigos argumentando a súa necesidade.

No ambiente do Rexurdimento e do pulo rexionalista de Alfredo Brañas, Roque Pesqueira móstranos como gran admirador de Brañas que

publicara en 1889, en Barcelona, *El Regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario*, un libro de ampla incidencia no ideario galeguista máis conservador e influído polo pulo identitario catalán. Pesqueira reiterará a súa admiración polo movemento desenvolvido en Cataluña, como modelo a aplicar en Galicia.

Pero, pese a esta admiración por Brañas, o noso autor fai en varias ocasións demostración do seu galeguismo progresista que moitas veces está máis preto de Curros que de Brañas: declárase en contra da pena de morte e dos abusos do sistema caciquil. Posiciónase, neste sentido, a carón dos que loitaban contra o clan caci-

quil dos Bugallal como queda de manifesto coa súa sinatura de condena ao alcalde bugallista de Ponteareas en 1891, cando aínda era alumno da Facultade de Dereito.

A obra de Pesqueira aparece en múltiples revistas da época: *O tío Marcos d'a Portela, A Monteira, O Galiciano, Galicia Recreativa, Álbum Literario, El Anunciador, Café con Gotas, El Independiente, A fuliada, Revista Gallega, Galicia, El Regional, El Escolar, O Enriodo...*

Ademais tamén publicou tres libros e anunciou a aparición doutros varios que non deberon pasar de proxectos e que non localicei.

Dúas lendas é un libro en galego. A primeira lenda, "O fillo de Xoan Manuel", está ambientada na parroquia ponteareá de Moreira e trata os temas da emigración, o engano e a desgracia. A segunda, "O cruceiro" ten ambientación medieval e tema romántico relacionado coa salvaterrense parroquia de Corzáns.

Aventuras de un principiante é un libro de poesía en castelán de temática variada, composto por 57 poemas.

"*Jhon*" é unha novela tamén en castelán, ambientada nos Baises Baixos no século XVI, que trata o tema da superación persoal ante as circunstancias adversas.

Sirva este pequeno apunte, neste Día das Letras Galegas de 2024, para por en valor a obra e a figura dun salientable autor literario e grande defensor do noso idioma.

Bibliografía: Candeira Mosquera, Francisco: *A obra literaria de Roque Pesqueira Crespo*. Kindle Direct Publishing, 2022.





© Xosé Abad

Día das Letras Galegas 2024

Luísa Villalta

ANO 2024

Luísa Villalta

"Se toda a nosa historia fose así, un construír, máis que un acumular, fragmentar e derrubar, se cada unha das nosas actuacións fosen un continuo cimentar máis que un utilizar e desgastar, gozaríamos da vida nun país seguro de si mesmo, acolledor, creativo e orgulloso."




A Biblioteca de Salvaterra compra máis de 50 libros e celebra o Mes do Libro

O Concello de Salvaterra de Miño ven de realizar unha compra de máis de 50 libros para a Biblioteca Municipal co fin de actualizar e ampliar a súa oferta de lectura, oferta que se complementa coa solicitude de libros á Rede de Bibliotecas de Galicia da Xunta de Galicia ademais de contar coa plataforma GaliciaLe da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Coincidindo co mes do libro, durante o mes de abril organizáronse varias actividades. O sábado 27 de abril a escritora Raquel Castro presentou as súas obras e



falou da súa biografía na Biblioteca. Para os pequenos de 3 a 10 anos o Concello organizou unha "Biblioteca Viaxeira" que estivo

en Alxén o 18 de abril, en Fornelos o 19, en Leirado o 25 e na Biblioteca Municipal o día 26 de abril.

Anxo Angueira Viturro ingresa na RAG

Anxo Angueira Viturro (Dro, 1961) ingresou este 27 de abril na Real Academia Galega como membro de número, nunha sesión extraordinaria pública no auditorio municipal de Padrón. O profesor da UVigo en Filoloxías Galega e Portuguesa e escritor, actual presidente da Fundación Rosalía de Castro, pronunciou o discurso titulado *I es a noite, i es a aurora*. A poética da luz en Rosalía de Castro, sendo



respondido en nome da institución pola académica Chus Pato.

Por outra banda, a RAG incluíu no seu Dicionario as palabras *Agachamento* e *anicamento*, *teito de cristal*, *cultura da cancelación*, *escaleta* ou *esgrafiado*. O Seminario de Lexicografía engadiu na última actualización a esta ferramenta fundamental da lingua galega corenta voces canda novas acepcións ou melloras na redacción doutros vinte lemas.

Faleceu a poeta Luz Fandiño

Luz Fandiño (Santiago, 1931-2024) A poeta faleceu aos 92 anos despois dunha intensa vida de literatura e activismo.

Nacida no barrio de Sar, emigrou a Arxentina no ano 1952 e en 1964 marchou a Francia, regresando definitivamente en 1979 a Santiago de Compostela, onde residiu ata a súa morte.

«Sobrevivín no estranxeiro 29 anos. Ao voltar tiven que traballar en casas e logo conseguín un posto nos vâteres do concello. Alí, permitíronme ter unha máquina de escribir e os meus libríños». «O meu compañeiro, Xosé Casal, namoroume cos pés, era profesor de baile».

Autora de *Farangullíña de neve* (1998) e *O pracer de envellecer* (2014), participou tamén en obras colectivas e no 2020 a directora Sonia Méndez estreou o documental *A poeta analfabeta*, baseado na súa vida e obra, e



no seu activismo cultural e social.

Fandiño foi un icono revolucionario para a mocidade e participou en numerosas mobilizacións como as do *Nunca máis* e o *8M*. «Son a poeta daqueles que sobreviven de emprestado, a poeta analfabeta, a poeta dos desherdados».

A súa figura inspirou a creación de *Luz Poética*, o Festival de Poesía Nova de Compostela, que arrincou en 2020.


A Deputación reúne coa editorial Galaxia para explorar vías de colaboración conxunta

O deputado de Cultura da Deputación de Pontevedra, Jorge Cubela, mantivo no Pazo provincial unha reunión con responsables da editorial Galaxia. A reunión enmárcase na axenda de reunións que está a manter o res-

ponsable provincial da área de Cultura con entidades da provincia co obxectivo de explorar posibles vías de colaboración, en especial, neste caso, ante o 75 aniversario que celebrará a editora viguesa o vindeiro ano 2025.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com





Poeta, mestra, música,
referente e creativa

CREOU UN MUNDO EN CADA PALABRA



Dedicado a LUÍSA VILLALTA

17 | DÍA DAS LETRAS
MAIO | GALEGAS

Por Roberto Mansilla Blanco

O galego e o 25 de Abril

Este 25 de abril (25A) cúmprense 50 anos da Revolución dos Cravos, un acontecemento primordial para entender non só o final dunha ditadura, a de Salazar en Portugal, senón para explicar as ansias de democracia nunha Europa sumida en plena guerra fría.

Democracia na península pero expe-

riencias contraditorias naquelas ex colonias portuguesas, principalmente na África lusófona, como Angola, Mozambique, Guiné Bissau e Cabo Verde, que viviron un exemplo diferente, con conflitos armados e convulsións políticas mediatizadas pola dinámica da guerra fría pero tamén aceleradas polos cambios políticos en Lisboa, a metrópole do ex imperio.

Hai un dato que poucos estiman: esta revolución democrática veu da man de militares progresistas nun país, Portugal, membro da OTAN. E como dicía antes, todo isto acontece en plena guerra fría, cunha Europa que observaba unha reconversión das esquerdas cara o "eurocomunismo" mirando menos á URSS e máis á dinámica de cambios demo-

cráticos que se vivían en varios países europeos. Incluíndo España, nese momento no epílogo do franquismo e para o que o 25A foi tamén unha referencia para o cambio, para esa transición que debe ser medida, historicamente, con máis pluralidade e menos propaganda.

Volvendo ao titular desta columna, que ten que ver Galicia co 25 de Abril? En aparencia, non moito. En esencia, quizáis moito máis. As resistencias ás ditaduras militares en España e Portugal tiveron unha conexión relevante nesa Galicia dos anos 1970. Tanto no exilio político como na música, con referencias moi claras a símbolos como o portugués Zeca Afonso.

O 25A redescubriu igualmente para Galicia un mundo lusófono que traspasaba fronteiras en África, América Latina (Brasil) e Asia (Timor Leste, Macau) A revolución dos cravos en Lisboa foi unha referencia ineludible para moitos galegos que resistiron á ditadura. E insisto, un cambio democrático da man de militares progresistas nun país

da OTAN. Pouco non é, non, e menos cando hoxe observamos un retorno das expresións militaristas na política europea e da propia OTAN.

Neste maio das Letras Galegas que homenaxea a obra de Luisa Villalta, Portugal tamén está presente con ese medio século do 25A. Desa Grândola Vila Morena que cantaba Zeca Afonso, que en Galicia foi presentada por vez primeira en Santiago de Compostela en 1972 nun ambiente universitario (antes o fora en Ourense e Lugo) e que se converteu nun himno da democracia e da revolución popular. E que hoxe, aquí en Galicia, tamén se conmemora ese 25A como algo propio, como un canto irmá que non ten fronteiras, que reflicte esa irmandade, existente pero non moitas veces comprendida, entre os pobos galego e portugués.



Marcos Amado Rodríguez, "Santiso"

Soutullo e a zarzuela de costumes galegas

Sumido na miña investigación, ás veces toca sacar a cabeza das partituras e mirar arredor. E co Día das Letras Galegas, ábrese un momento perfecto para reflexionar sobre o noso traballo como investigadores e o seu impacto na sociedade. Atópome, como algunha das persoas que me leen saberá, apresado en corpo e mente pola investigación que levo no marco da miña tese doutoral, centrada na figura de Soutullo e o seu teatro lírico.

O teatro lírico do noso país é aínda a día de hoxe un gran descoñecido. Máis alá do estereotipo centralista da zarzuela de costumes galega que impuxeron modelos de corte rexionalista como *Maruxa* (1914), de Amadeo Vives, a zarzuela de costumes galegas e a zarzuela propiamente galega teñen moito que dicir ao respecto.

Podemos falar brevemente delas. Por exemplo, a recentemente recuperada en

Santiago de Compostela *Miñatos de Vran* (1928), de Fernández Vide e libreto de Enrique Zas / Ramón Otero Pedrayo, unha obra maravillosa que reemprega música do vilancico *A nosa gaita* (1795) de Melchor López, e que segue os principios das Irmandades da Fala, como asegurou o seu recuperador, Javier Jurado.

Soutullo, a pesar de rexeitar o uso do galego na zarzuela en pos dunha suposta universalidade do castelán nas representacións teatrais, é un autor do que podemos destacar – ata onde sabemos – o mimo co que tratou á súa produción de zarzuelas de costumes galegas.

A mención evidente sería Ave que deixa su nido, refundición de *Amores de Aldea* (1915), que viñera a substituír *Maruxa* no Teatro da Zarzuela, na que o noso compositor desenrola citas directas e transformacións do folclore autóctono – *Canteiros*

e *carpinteiros*, a *Danza das Espadas de Redondela...* e reemprega materiais da súa *Suite Vigo* (1911), cunha aproximación moi respectuosa a este subxénero da zarzuela.

Lamentablemente, é a única zarzuela de costumes galegas atopada ata a data do noso querido compositor. Temos referencias a outros títulos, claro, pero non podemos asegurar a súa realidade material nun mundo tan complicado como o do espectáculo... *Rías Baixas*, sobre un accidente mariñeiro duns pesqueiros do Gran Sol, o proxecto con Manuel Linares Rivas...

Da que si podemos falar, e esta é a razón deste pequeno artigo, é *Los Zuecos de Maripepa* unha obra presuntamente estreada en Cuba o 25 de xullo de 1914 para a Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia. Con libreto de Nan de Allariz e música de Soutullo, Fortes e o propio Nan – que é unha refundición da súa zarzuela galega *O Zoqueiro de Vilaboa* (1907) –, a crónica do seu estreo ditaba o seguinte:

"La obra es bellísima, de corte literario fino y refleja fielmente las costumbres ga-

llegas. Está salpicada de chistes y de buena ley, y, en las rebeldías del viejo tío Mingos, hay el despertar de la raza, la protesta de un pueblo que no "puede continuar soportando atropellos y tiranías". En cuanto al idilio que se desenvuelve entre Maripepa y Joaquín, es de lo más delicadamente bello que conocemos. La música es deliciosa, música gallega verdad, y el primer número es una página inspiradísima, dulce, exquisita, de una maravillosa magia artística, página de sentimiento debida al genio del señor Soutullo, ilustre compositor gloria de Galicia, que por las dotes especiales de su talento ha llegado a las altas regiones de la fama..."

Atopámonos agora na procura de esta obra perdida do compositor. A ver se os meus e-mails á illa caribeña dan resultados e podemos localizala, recuperala e deleitarnos con ela... Sería maravilloso dispoñer dunha segunda fonte que constate o coíddo co que o compositor ponteareán articulaba as evocacións da súa Galicia natal, e comprender e ampliar, un pouquiño máis, os estudos sobre a zarzuela galega de costumes.

OA
ORGASERCO, S.L.
 ORGANIZACION E ASESORAMENTO DE EMPRESAS

José Abrales Amil
 Economista

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
 36400 - O Porriño (Pontevedra) abrales@orgaserco.es

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
 Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

OPINIÓN

Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

As mentiras do relato da transición democrática

Oscar Alzaga, que foi deputado da UCD, é autor dun libro titulado "La conquista de la transición, 1960-1978", no que narra curiosas vicisitudes política daqueles anos tan convulsos. Foi un período histórico nos que os desmáns protagonizados pola Brigada Política-Social encargada de reprimir á oposición provocaron centos de mortos a mans das forzas represivas e organizacións parapoliciais.

Ao respecto hai algunha bibliografía merecente de ser consultada. Por exemplo, o libro de Pablo Alcántara "La secreta de Franco", no que se relatan migalleiramente os método empregadas cos detidos para tirarlles confesión con aberrantes torturas. Antonio Batista noutra obra, "La Brigada Social", abunda nos mesmos relatos, centrándose na figura dun daqueles asañudos torturadores, Antonio Juan Creix. Na miña biblioteca hai dúas autobiografías que non tiveron apenas divulgación, porque son autoedicións de dous cualificadores represores: "José Ramón Piñeiro. Comisario General Brigada Político Social", e "Testimonios de un policía español", de José Sainz Gonzalez. A lectura dos seus desvergonzados relatos producen arrepiños.

Os que militamos na oposición tivemos a desgraza de padecer os procedementos utilizados polos policías da chamada "Brigada Político-Social". Sicópatas os máis deles, que realizaban os seus sádicos



labores case sempre baixo os efectos do moito alcol que consumían durante os longos interrogatorios aos detidos.

Oscar Alzaga di no seu libro que o ministro Martín Villar deu a orde de queimar millóns de documentos policiais sobre a sistemática represión da oposición democrática. A desaparición deses atestados e informes policiais serían de moita utilidade para coñecer a violencia desatada con tal impugnidade, afirmando que "somos o único país de Europa onde se cometeu tal barbaridade. Os informes da policía política da Alemaña Nacional Socialista, da Italia fascista, do Portugal salazarista ou da Grecia con ditadura militar...conserváronse".

Eu teño fundadas conviccións de que moitos deses expedientes policiais non

foron queimados; foron subtraídos das comisarías e cuarteis da Garda Civil por moitos daqueles nefastos axentes da represión, que quixeron gardalos para utilizalos segundo os intereses de cada momento. Moitos deses documentos servíronlles ás bandas parapoliciais para elaborar relacións amplísimas de persoas ás que deter e fusilar caso de ter triunfado o golpe militar do 23-F, entre os que figuraba eu.

O meu caso, coma outros, serve de exemplo. Gerardo González Martín, á sazón correspondente de El País, publicaba neste medio unha peza correspondente á edición do 20 de outubro de 1977 na que dicía: "Un vecino de vigo, Xosé González, denunciou nun xulgado de Guardia de Vigo a dous policías por abuso de autoridade, ao teren rebasado o límite da fronteiras con Portugal, procedendo a súa detención por pesar sobre el unha orde de busca e captura ditada en agosto de 1975", cando esta deixara de ter efecto por mor da lei de amnistía de 1976.

Un día recibín a visita dun vello amigo, a quen lle perdera a pista había anos, e do que ignoraba que fose garda civil, integrado ademais no Sindicato Clandestino de dito corpo policial. Púxome ao tanto de que o capitán do Servizo de Información da Comandancia da Garda Civil de Pontevedra, dirixía un grupo de picoletos dedicados a fustigarme. Axiña me decatei de que os que me chamaban por teléfono a calquera hora da madrugada para ameazarme con matarme eran eles, os mesmos que tamén forzaron as porta do meu automóbil en dúas ocasións deixando ciscando no chan a documentación

do mesmo. Coa mesma teimosía actuaban algúns membros da Brigada Político-Social da Comisaría de Vigo, os mesmos que en agosto de 1975 estando detido naquelas dependencias leváronme á praia de Alcabre para faceren un amago de "paseo" empunhando as súas pistolas, xa que coas súas torturas non me quitaran ningunha información

A primeira semana de maio de 1984 fun detido co mesmo argumento da orde de busca e captura nun céntrico hotel de Barcelona, cidade á que acudín para pronunciar unha conferencia na Escola de Administración Pública de Catalunya. A intervención de Virginio Fuentes, Gobernador Civil de Pontevedra, fora decisiva para a miña liberación. Días depois déulle orde ao comisario-xefe de policía, Jorge Mosquera, para darme explicacións do acontecido, que non foron do meu agrado. O exalcalde de Redondela de entón estivo presente na reunión e el, que está vivo, pode dicir como interroguéi a aquel torturador.

O relato histórico da chamada transición política foi edulcorado presentándoo como modélico. Non é certo, porque houbo moitos asasinatos a mans das forza de seguridade e grupos parapoliciais. Un bo amigo de meu, comisario de policía, da década dos anos noventa, demócrata e galeguista, estivo nun tris de morrer por un paquete-bomba que lle enviaron os policías corruptos da comisaría; a desconfianza salvoulle a vida.



**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

Rúa do Pinar, nº11, Bajo B, O Peiriño
986 33 14 50
633 60 12 57
josehita.bugarin@agencia.axa.es
segurosbugarin@gmail.com

633 60 12 57

**GNS GALICIA
NAI SEÑORA**
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

ASESORÍA DE EMPRESAS

**ASE FISLA
SALCEDA S.L.**

e-mail: paulo@asefisla.com

NL

Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURIA DE SEGUROS

e-mail: carlos@hnos-nunez.com

Praza do Concello, 14 - baixo. Telf: 986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
SALCEDA DE CASELAS
Rúa Galicia, 14 - baixo - Telf: 986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
SALVATERRA DE MIÑO

Primeira xunta directiva de ASECOTUR Condado Paradanta

Alcaldesa de Salvaterra, Marta Valcárcel, recibiu aos representantes de 18 empresas do sector turismo para elixir a xunta directiva constituínte da primeira Asociación de Empresas e Profesionais do Turismo do xeodestino Condado, A Paradanta e Salceda de Caselas, ASECOTUR Condado Paradanta, que será presidida por Bernardo Acevedo, xerente do CEMAR e polo vicepresidente Rafael Martínez, xerente de Galician Brew.

Será en maio a presentación pública da asociación á que convidarán ao Clúster de Turismo, ao GDR Terra e Auga, á Federación Provincial de Turismo e Hostalería (FEPROTUR) e a todas as alcaldías



e institucións de referencia. Tamén comezarán co proceso de deseño de imaxe e plan de comunicación. Ademais, unha vez aprobados os

estatutos, organizarán encontros con distintas institucións para dar a coñecer a asociación e a súa liña de traballo.

I Mercadiño Solidario do CEIP Antonio Blanco

O Concello de Covelo agradeceu ao CEIP Antonio Blanco Rodríguez a organización do I Mercadiño Solidario celebrado na praza Mestre Cerviño a favor do banco de alimentos do Concello e das protectoras de animais Rescue Cañiza e Asociación de Rescate Animal Ohana. A iniciativa do centro escolar conseguiu recadar 161 kg de pasta e legumes.

90 latas variadas de alimentos non perecedeiros, 25 paquetes de galletas, 42 litros de leite, chocolate, cereais solubles, pro-



ductos de hixiene feminina e produtos para bebés, entre outras achegas. Ademais, recadaron sacos

e latas de comida para animais que agora serán repartidos nos refuxos participantes.

Mondariz amplía o seu servizo de desbroces

O Concello informou que en maio incorporará 4 traballadores ao servizo de limpeza e desbroces que desempeñarán as súas funcións ao longo de 7 meses. O traballo deste persoal verase reforzado coa contratación de empresas de desbroces e limpeza de autónomos locais destinando

así todos os esforzos posibles a previr a propagación de incendios. 85,8 quilómetros cadrados, 4.394 habitantes e unha densidade de poboación de 51,2 hab./km nas 12 parroquias son os datos cos que traballa o Concello para organizar o calendario de traballo que priorizará a proximidade aos fogares.

Un skate park sensible coa emerxencia climática



A obra "Hai dous futuros" do británico Tom Glendening ilustrou o recinto do skate park do Covelo chamando a actuar contra a emerxencia climática tras ser unha das gañadoras do Concurso de Murais

"People & Planet" convocado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e cofinanciado polo programa DEAR da Unión Europea e a Xunta de Galicia. A actividade sorteou unha viaxe sostible a Cabo Verde.

Convenio con AFAGA para previr o Alzheimer



O Alcalde do Covelo, Pablo Castillo, e o da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia (AFAGA), Juan Carlos Rodríguez, asinaron un convenio de colaboración que permitirá desenvolver actividades formativas e preventivas relacionadas coa saúde ao longo de todo o ano, destacando a prevención do Alzheimer e a promoción do enve-

lleemento cognitivo saudable. As distintas clases gratuítas serán impartidas por profesionais da saúde dentro do obradoiro Cultiva a Mente que vén de comezar e prolongarase ata o mes decembro con sesións dunha hora e media unha vez á semana. Os obradoiros, enmarcados na estratexia local Covelo Cóidate, comezan cunha valoración de cada usuario, concretamente das súas capacidades cognitivas.

CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Pontareas 986 640 834

forjados
hinos. duran s.l.

www.forjadosduran.com

CONDADO/PARADANTA

MONDARIZ/COVELO

Alumnado covelense coñeceu o seu patrimonio natural

O alumnado CEIP Antonio Blanco Rodríguez participou nunha nova sesión do proxecto RiosAldeasMontañas de Covelo. Da man do guía de montaña e biólogo Julio Eiroa achegáronse á riqueza medioambiental do seu concello.

Este proxecto conta co apoio da Deputación e desenvólvese ao longo de todo o ano con nove roteiros guiados, 2 etapas da Vía Mariana, 12 xornadas de portas abertas no Serradoiro dos Carranos e 3 saídas guiadas co alumnado do CEIP Antonio Blanco. A esta



proposta o Concello de Covelo suma a rede de roteiros estables para percorrer todo o ano, a praia fluvial de Maceira, os espazos singulares de cada parroquia, a piscina municipal aberta en temporada estival e a programación cultural que oferta o Concello.

Lecer e lectura ao aire libre en Mondariz

Co obxectivo de dar vida a espazos públicos abandonados e sen uso, o Concello de Mondariz acadou unha axuda para a creación dun espazo de lectura ao aire libre e cuberto protexido da chuva. No marco do proxecto "PIMA cambio climático" da Xunta de Galicia, o Concello de Mondariz recibiu 20.000€ para a execución desta obra.

Coa obra realizada xérase un espazo exterior para o encontro e para a realización de actividades



culturais atenuando, coa colocación de elementos para o sombreado, a illa de calor urbana. A obra completárase con novo mobiliario urbano como tumbonas e elementos para o descanso.

34 novos composteiros en Covelo

O Concello de Covelo entregou 34 novos composteiros grazas ao Programa de compostaxe doméstica da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ao que está adherido o Concello. Trinta e catro novos fogares aproveitarán os restos orgánicos que xeran para convertelos en nutrientes para os cultivos e farán útiles os restos que



antes eran desbotados nos contedores. Un refugallo que cobrará unha nova vida e contribuirá a facer máis fértil a terra.

O programa Covelo Cóidate forma á veciñanza para unha vida activa e saudable



O Concello de Covelo lanzou o programa "Covelo Cóidate" baixo o que se oferta formación e información sobre saúde e prácticas saudables. Así ao longo do mes de abril, e en distintas datas, desenvolveu unha serie de charlas en colaboración co centro de saúde local: sobre a menopausa

e o cancro cérvix, o tabaquismo, a prevención do papiloma e sobre o etiquetado de alimentos e compra saudable. En colaboración con AFAGA organizou unha charla sobre o Alzheimer. Da man da Universidade de Vigo ofreceu o seminario sénior "A saúde é o que importa", e o seminario "Pilates sénior II".

Rexistro das explotacións avícolas de autoconsumo

O Concello de Covelo informou que todas as persoas empadroadas poderán solicitar nas oficinas do Concello axuda para regularizar os galiñeiros de carácter doméstico. O Concello ofrecerá apoio na tramitación tan só tendo que aportar a persoa interesada o seu DNI e o número de aves que ten.

Esta obrigatoriedade afecta aos currais avícolas cuxa finalidade

sexa o autoconsumo familiar onde se manteñan aves das especies galiñas, pavos, parrulos, pintadas, gansos, paspallás, perdices, faisáns ou pombas. Non poderán ter a consideración de explotación avícola de autoconsumo aquela que crie especies de aves corredoras (ratites) As instalacións onde se manteñan soamente aves ornamentais non se consideran explotacións de autoconsumo.

Axencia Tributaria colabora na declaración da renda

O Concello de Covelo asinou un acordo de colaboración coa Axencia Estatal da Administración Tributaria permitirá ter axuda para a realización da declaración da

renda para as persoas maiores de 65 anos e con domicilio fiscal en Covelo. O servizo prestarase mediante videoconferencia na Biblioteca Municipal de Covelo do 7 de maio a 1 de xullo.

Pauta MOTOR
servicio integral para automovilismo

C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO
DROGUERÍA
FERRETERÍA
JARDINERÍA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO

VENTA DE PLANTAS
DISTRIBUIDOR OFICIAL
Alona
de Bony

PUNTO DE VENTA

C/MEROUÇOS Nº8 - MONDARIZ - T.:986 656 218 | 649 449 459

Carlos PELUQUERO

Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

Plan Director para o Castelo de Sobroso

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acaba de dar luz verde ao novo Plan Director de Sobroso, un documento que marca a folla de ruta para investir 1,5 millóns de euros nos próximos tres anos co obxectivo de enriquecer a experiencia dos visitantes, mellorar e ampliar os servizos e consolidar o Castelo de Sobroso e a súa contorna natural como un dos grandes atractivos turísticos da provincia. O plan está enmarcado dentro do Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) do Condado-Paradanta.

Club da Lamprea

Por outra banda tamén se aprobou o convenio de colaboración



coa Asociación de Desenvolvemento Rural Condado-Paradanta para poñer en marcha un Club da Lamprea, cun orzamento máximo de 103.000 €. O proxectos desenvolverase nos concellos da Cañiza, As Neves, Arbo, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, Ponteareas, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño.

Convenio entre a GDR Terra e Auga e a EFA A Cancela



O presidente do GDR Terra e Auga, Pablo Castillo, e a presidenta da EFA A Cancela, María del Carmen Gil, veñen de asinar un convenio de colaboración dentro do proxecto Aula-Empresa. Baixo este programa o alumnado do ciclo de Formación Profesional de Admi-

nistración da EFA A Cancela, localizada nas Neves, coñece o traballo diario de distintas empresas, entidades e organizacións dos dez Concellos, A Cañiza, As Neves, Arbo, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, Ponteareas, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño.

A Cañiza ingresa formalmente no Fondo Galego de Cooperación

O Alcalde Luis Piña asistiu como representante do Concello á xuntanza que deu comezo coa ratificación da alta dos seis Concellos que se asociaron ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade no que vai de ano: Pantón, Sober, A Cañiza, Montederramo, Cangas e Tui. Así mesmo, presentouse a memoria técnica e económica do pasado exercicio.

A orde do día incluía tamén a aprobación das Liñas Estratéxicas para o mandato 2024-2027, o Plan de Actividades 2024, apoiando aos países do Sur Global tanto a través dos proxectos como da



cooperación técnica e apoiando tamén ao programa Galicia Abriga de acollemento temporal a mulleres defensoras de Dereitos Humanos, cuxa primeira edición xa está en marcha.

"Da túa man" en Arbo, Mondariz e As Neves

A Deputación de Pontevedra acaba de aprobar destinar preto de 150.000 euros para a subministración de illas ecolóxicas e a instalación de prazas de aparcamento ao abeiro do proxecto

"Da túa man" (rural II), o programa financiado con fondos europeos de apoio á actividade comercial do rural que se desenvolve en once concellos da provincia, entre eles Arbo, Mondariz e As Neves.

24.000€ para melloras na infraestrutura deportiva

A Deputación de Pontevedra aprobou unha nova axuda de preto de 24.000 euros ao abeiro do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas para o Concello de Mondariz-Bal-

neario. Con estes recursos, o Goberno local levará a cabo tarefas de modernización, remodelación e mellora das instalacións deportivas municipais existentes na avenida Enrique Peinador.

Homenaxe ás primeiras concelleiras de Mondariz

O Concello de Mondariz realizou este 28 de abril o acto "Mulleres Concelleiras" que recoñeceu o labor das primeiras once mulleres da política local. Con este acto o Concello de Mondariz inicia un ciclo de recoñecementos que unha vez ao ano rescatará da memoria pro-

fesións, iniciativas e logros das mulleres de Mondariz.

As homenaxeas conversaron sobre os comezos, dos momentos máis entrañables, das decisións máis difíciles e tamén do papel da muller antes e agora, analizando a actualidade en materia de igualdade.



LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

2.500m² de reparcelación para equipamentos

O Boletín Oficial de Pontevedra publicou o pasado 17 de abril a aprobación definitiva do proxecto de reparcelación do polígono II do PERI UE-02 de Salceda de Caselas, o que supón a dotación de 2.738 metros cadrados de chan para equipamentos. Deste xeito o Concello conta por fin con terreos nos que poder instalar infraestruturas tan necesarias como un centro de día ou un novo auditorio.

A reparcelación supón ademais a creación de unha área de 1.060 metros cadrados para destinar a vivenda protexida. A intención do equipo de goberno é poder facilitar o acceso á vivenda para a xuventude, para o que se solicitou xa unha xuntanza co director do Instituto Galego de Vivenda e



Solo, Heriberto García, para abordar esta e outras cuestións importantes para o Concello.

O polígono contempla a creación de dúas amplas zonas verdes con un total de 5.662 m², e complétase con 7.042 metros de chan residencial de promoción privada. Deste xeito as 30 persoas propie-

tarias das parcelas iniciais obteñen chan en condicións de edificar, nunha zona estratéxica na que ata o de agora non podían construír. Complétase así o desenvolvemento do PERI UE-02, que unha vez executado suporá a apertura da rúa Mártires de Sobredo ata enlazar coa rúa Gándara.

Reformas no Pavillón Municipal de Salceda

O Concello de Salceda renovará o pavimento do seu pavillón de deportes, substituíndo o actual cemento pulido por unha superficie de tarima de madeira de haia que permita a normalidade e seguridade na práctica de disciplinas como o fútbol sala, baloncesto, balonmán, badminton e patinaxe para as máis de 1.000 persoas de tódalas idades que utilizan a diario estas instalacións.

A reforma supón un investimento de 88.103,60 € que o Concello ten xa solicitado ao abeiro do Plan Máis Provincia 2024. A obra conta con un prazo de execución de dous meses, polo



que se tentaría executala durante as vacacións do verán para que a instalación puidese estar dispoñible para a nova tempada. O Concello agarda polo tanto que a Deputación de Pontevedra aprobe canto antes o proxecto para poder comezar co procedemento de licitación canto antes.

Salceda din "Non" a Altri

O Pleno do Concello de Salceda de Caselas aprobou unha declaración institucional en contra do proxecto de Altri. O acordo aprobouse co voto a favor de MS, PSOE e BNG, e coa abstención do Partido popular, que definiu o proxecto como "unha oportunidade única para Galicia".

Considera o Concello de Salceda que con este proxecto resultarán gravemente afectados o patrimonio cultural e natural da comarca da Ulloa e limítrofes. O proxecto prevé a implantación dunha in-



dustria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L., foi declarado proxecto

industrial estratéxico (PIE) por Acordo do Consello da Xunta de Galicia no 2022, e vaise implantar no Concello de Palas de Rei.

Formación e emprego inclusivos

O Centro Social a Devesa inaugurou do curso que a Fundación Érguete Integración levará a cabo en colaboración co Concello de Salceda, para formar a doce persoas desempregadas e con dificultades para acceder ao emprego en

"Operacións básicas de almacenaxe e reposición de mercadorías" dentro do programa Emprego Inclusivo, financiado pola Deputación.

Ao longo de 110 horas de formación, repartidas entre os meses de abril e maio, as persoas parti-

cipantes cursarán módulos de almacenaxe e reposición, carretilla elevadora e manipulación de alimentos, igualdade de oportunidades ou emprendemento, entre outros. Poderán completar a súa formación con outras 80 horas de prácticas en empresas da área.

FESTIVAL PLAYBACKS
LETRAS GALEGAS 2024

Centro Cultural Parderrubias
(Baleiro de Casela)

XOVES 16 MAIO

Hora: 22,00

GRUPO PLAYBACKS XUNCO

Estrenos
...e outras sorpresas

www.xunco.org
info@xunco.org

Síguenos en Facebook

mimate
SALUD NATURAL & TÉS DEL MUNDO

www.mimatesaludnatural.com

Rúa Antonio Palacios, 36 - O PORRIÑO
Telf: 886 12 83 85 - Pedidos : 662 41 57 56

PN
Verónica Bastos

POWER NUTRITION

Rúa Doutor Paz Varela, bajo. Teléfono 667 34 52 99. 34400 - O PORRIÑO

Power_nutrition_asesoramientos

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasmga@hotmail.com

O PORRIÑO

A Xunta investirá 7,5M€ contra o lindano

A Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático Ánxeles Vázquez mantivo un encontro con representantes do Concello do Porriño para tratar asuntos de interese municipal, como o investimento de sete millóns e medio de euros para a retirada dos residuos da fabricación de lindano presentes na zona de Contrasto.

Vázquez explicou que as actuacións previas comezarán a comezos de maio e que as obras de escavación e extracción do material para o seu traslado a unha instala-



ción de valorización arrincarán a comezos do verán. Os traballos estenderanse ata a segunda metade de 2025.

Persoal municipal reforzado con 17 contratacións

O Concello do Porriño incorporou a 17 traballadoras/es que reforzarán equipos en diferentes servizos municipais: cinco para o Departamento de Vías e Obras; seis para o Departamento de parques, xardíns e limpeza; tres para departamentos e instalacións municipais, unha publicista e un analista de xestión e organización ou estatística.



Estas contratacións supuxeron unha inversión de 292.000 euros, dos cales 211.000 foron a cargo

do Plan + Provincia da Deputación de Pontevedra e 81.000 euros de aportación municipal.

BNG: "insatisfactoria xestión dos Servizos Sociais"

O BNG do Porriño criticou a comparecencia (a instancias dese partido) en pleno municipal do concelleiro de Servizos Sociais Abel Estévez, denunciando a súa "visión caritativa" de repartir os paquetes destinados ás persoas beneficiarias do banco de alimentos municipal.

Os nacionalistas denunciaron que o concelleiro do PP non contestou ás preguntas formuladas pola concelleira do BNG, Míriam



Martínez Troncoso, limitándose a negar calquera aproveitamento

político desas axudas e asegurando que continuará utilizando ese mesmo método de reparto. Martínez recriminou tamén ao concelleiro do PP o seu silencio cando o Alcalde Alejandro Lorenzo decidiu desviar recursos da partida de Servizos Sociais para afrontar outro tipo de gastos.

Piden ordenanza para soterrar as redes de telecomunicacións

O grupo municipal do BNG presentou unha moción instando o goberno municipal a elaborar unha ordenanza municipal reguladora da instalación de redes aéreas e soterradas de telecomunicacións e subministro eléctrico. A proposta do Bloque contempla a necesidade dunha disposición transitoria para establecer prazos. Tamén recolle a necesidade de facilitar a adaptación das empresas e un réxime sanciona-



dor, no caso de incumprimento.

Bolboreta
TINTORERIA & LAVANDERIA

604 075 553

Rúa Fernández Areal 10-Bajo. 36400 O Porriño (Pontevedra)

Servicio a Domicilio Gratuito

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)

Venta de vehiculos usados

Tel./Fax 986 66 15 41

SPG TALLERES

Dietsana
DIETÉTICA Y SALUD Desde 1992

986 337 684 C/. Cando, 15 O PORRIÑO

986 642 719 C/. Alcalde Daniel Ojea, 10 PONTEAREAS

Bodas - Comunións
e todo tipo de celebracións

Manolo RESTAURANTE

Teléfono 986333404
info@restaurantemanolo.es
Antonio Palacios 101
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

Xira Sobre as Letras Galegas de Exeria

Para quen non os coñeza, Exeria é un grupo ponteareán pertencente á nova xeración de músicos amantes das guitarras e do rock. Combinan xéneros como o grunge e o britpop, dándolle un novo xiro coa súa propia fórmula, todo aderezado con letras en galego. As raíces son importantes para calquera proxecto, e o sentimento de pertenza a un lugar e tempo concretos determina unha mirada e un xeito de crear as súas cancións.

Así o demostra no seu novo traballo

Sobre a independencia, un EP de 5 cancións que se publicou o pasado Marzo.

Neste mes de Maio poderemos gozar da súa proposta nos concertos que ofrecerán, o xoves 16 na Sala Contrabajo, de Vigo, o venres 17 no Café Bajo 5, no Barco de Valdeorras e o sábado 18 no JJ copas, en Ponteareas.

Estas só son algunhas das citas da súa xira, pois seguen inmersos na xira "Sobre a independencia" que xa os ten levados a lugares tan diversos como Ourense, San-

tiago, Pontevedra... Aínda queda moita tela que cortar neste 2024.

O 2023 foi un ano moi produtivo para Exeria: tocaron nas 4 provincias de Galicia, gañaron o concurso de bandas *Trece Roes Fest*, publicaron os temas *Un novo nome* e *Ata que sexamos reis* acompañados de videoclips ben recibidos. E este ano está sendo aínda máis emocionante, con moitos concertos en directo e novos lanzamentos. Foron elixidos para formar parte das Sesions de Sobremesa, un formato acústico



e en directo ao estilo de "Tiny Desk" cun ambiente relaxado e composto por 2 cancións inéditas con arranxos influenciados polo trad.



Máis ouro para Melania Rodríguez

A ximnasta de Ponteareas ven de proclamarse campioa de Europa en Guimaraes despois de gañar o título do mundo de dobre minitramp, hai uns meses en Birminhgam e o ouro nos Xogos Mundiais de 2022.

A moza de 23 anos, convértese así nunha das mellores na ximnasia acrobática, coa que disfruta adestrando e competindo no club Ximnasia Pontevedra, da man do seu adestrador Pablo Hinojar.

Apenas unas décimas lle faltaron en Birmingham para clasificarse para os Xogos Olímpicos, algo que a Melania non lle impediu seguir



traballando e colleitando éxitos.

Parabéns para esta deportista polo seu esforzo e dedicación,

que siga triunfando e que conte con todo o apoio económico que necesite dende as institucións.

Saxofonista ponteareán obtén a beca Ferrar Salat

O saxofonista Alberto Rodríguez Boente ven de gañar a beca FERRER SALAT, do Conservatorio Superior de Música do Liceo de Barcelona, ademais de ser admitido no Conservatorium da Haya (Holanda) na especialidade de jazz. Natural da parroquia de Pías comeza a estudar música, a idade de 5 anos no C.D.M. de Ponteareas onde se forma como músico. Con 17 anos forma parte da orquestra os satélites de A Coruña, sendo o músico máis novo da his-



toria da mesma. Ao mesmo tempo, actúa en varios locais de jazz, como o "Café Latino" de Ourense ou o Teatro Principal de Pontevedra.

Fiosan

Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675
fiosanconstruccion@gmail.com

INMOBILIARIA MERCAVENDA

Casas Locales Fincas Pisos

Ventas Alquileres Tasaciones Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020

Avenida Rosalía de Castro nº4, baixo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com